

INFORME DE AVALIACIÓN IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE NEGREIRA 2019-2022



CONCELLO DE
NEGREIRA



RETNOVA
ProxectiaConsulting

retnova@retnova.com
www.retnova.com

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS.....	5
2.1 Obxectivo xeral.....	5
2.2 Obxectivos específicos.....	5
3. METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN	6
4. ESTRUCTURA DO IV PLAN: ACTUACIÓNS POR ÁREAS.....	8
5. RESULTADOS DA AVALIACIÓN	10
5.1 Resultados por áreas estratéxicas.....	11
ÁREA ESTRATÉXICA 1. PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE.....	11
ÁREA ESTRATÉXICA 2. PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES.....	16
ÁREA 3. PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE	24
ÁREA 4. PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE	31
ÁREA 5. PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA.....	38
ÁREA 6. PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO.....	44
5.2 Resumo estatístico	53
5.3 Valoración cualitativa do IV Plan.....	55
6. CONCLUSIÓNS	64
7. RECOMENDACIÓNS	66
ANEXO: LISTAXE DE ACTUACIÓNS SEGUNDO A EXECUCIÓN.....	68

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Negreira puxo en marcha no ano 2019 o seu IV Plan de Igualdade municipal co que se pretendía dar continuidade e reforzar o traballo que se viña realizando para reducir desigualdades de xénero en todos os eidos da actividade municipal.

Este plan deseñouse coma unha ferramenta de traballo para orientar as políticas municipais do Concello, cara á promoción da igualdade real entre xéneros.

Unha vez rematado o seu período de vixencia, procedeuse a levar a cabo a súa avaliación final. Esta avaliación permite comprobar a pertinencia, eficacia e eficiencia das actuacións postas en marcha, identificar obstáculos para o seu desenvolvemento e efectuar recomendacións que sirvan como base de melloras para o futuro plan de igualdade do Concello. Neste sentido, servirá para orientar a elaboración do novo plan, redefinindo ou reprogramando, no seu caso, as liñas de acción para avanzar na consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Á hora de realizar a avaliación non se pode obviar que a situación xerada pola irrupción do COVID-19 no primeiro semestre de 2020, provocando unha situación de emerxencia e alarma en todo o Estado, condicionou notablemente o desenvolvemento do IV Plan de igualdade (non só nese ano, senón tamén no seguinte).

O presente informe recolle os resultados das tarefas de seguimento e avaliación das medidas comprendidas no IV Plan ao longo da súa vixencia, e responde á seguinte estrutura expositiva, tras deste primeiro capítulo introdutorio:

- Capítulo 2: no que se recollen os obxectivos da avaliación.

- Capítulo 3: no que se describe a metodoloxía utilizada na avaliación.
- Capítulo 4: resume a estrutura do IV Plan de igualdade do Concello de Negreira.
- Capítulo 5: recolle os resultados da avaliación e inclúe á súa vez, tres epígrafes:
 - O apartado 5.1, que inclúe os resultados de execución por cada área estratéxica.
 - O apartado 5.2, cun resumo estatístico dos principais resultados de execución do plan.
 - O apartado 5.3, no que se recolle unha valoración de carácter cualitativo do plan por parte do persoal técnico dos diferentes departamentos municipais implicados.
- Capítulo 6: conclusións extraídas a partir dos resultados da avaliación.
- Capítulo 7: recomendacións a ter en conta de cara ao futuro V Plan de igualdade.

Completa o documento un anexo no que se listan todas as medidas do IV Plan indicando para cada unha delas se foi ou non executada.

2. OBXECTIVOS

2.1 OBXECTIVO XERAL

Elaborar un informe de avaliación a partir da análise da información recollida a través das ferramentas avaliativas aplicadas, que recolla unha exposición dos resultados de execución e conclusións e recomendacións de cara á elaboración do V Plan de Igualdade.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Para dar consecución ao obxectivo xeral sinalado, establécense os seguintes obxectivos específicos:

- Valorar a execución e cumprimento dos obxectivos establecidos no IV Plan de igualdade do Concello de Negreira.
- Identificar e cuantificar as actuacións realizadas e o alcance destas.
- Dar conta dos principais resultados e das posibles dificultades atopadas, así como de estratexias de mellora para afrontalas.
- Extraer conclusións a modo de síntese con base nunha valoración rigorosa, crítica e construtiva.
- Ofrecer recomendacións de futuro para ter en conta na elaboración do V Plan de Igualdade do Concello de Negreira.

3. METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN

Para realizar esta avaliación e medir o grao de execución das diferentes áreas, segundo a realización ou non das medidas que as integran, utilizouse unha metodoloxía mixta, combinando técnicas cuantitativas e cualitativas.

O procedemento de avaliación tivo lugar en dúas fases:

FASE 1: Recollida e análise de datos obtidos a partir das fontes primarias para dispor dun balance global da execución do plan por áreas.

- Consulta aos departamentos municipais:
 - **Formulario de avaliación.** Elaborouse un formulario de cobertura en liña, a través de *Google Forms* que foi remitido aos departamentos municipais para recoller información de interese sobre o grao de coñecemento do IV Plan, o seu desenvolvemento, a aplicación da perspectiva de xénero na actividade ordinaria dos distintos departamentos municipais e as posibles suxestións ou propostas a ter en conta de cara á elaboración do novo plan.
 - **Ficha de rexistro de execución.** Diseñouse en formato excell un *check-list* no que os departamentos municipais debían sinalar as medidas do IV Plan levadas a cabo, indicando a anualidade ou anualidades de execución. Ademais, nesta ficha tamén se prevía a recollida de información sobre aquelas medidas que considerasen que debían incorporarse ao novo plan en materia de igualdade entre mulleres e homes na súa área/campo de traballo.
- Entrevista conxunta, en clave de avaliación, coa directora e psicóloga do Centro de Información ás Mulleres (en adiante CIM). Esta entrevista serviu para efectuar un “chequeo” ou verificación da execución das

distintas actuacións, á vez que permitiu obter información cualitativa que completou o proceso de avaliación.

FASE 2: Elaboración do informe de avaliación:

A partir da información recompilada e analizada elaborouse o presente informe de resultados da avaliación, que recolle:

- O grao de execución das actuacións previstas, identificando cales foron executadas e cales non.
- Descrición das medidas desenvolvidas.
- Síntese conclusiva.
- Recomendacións a aplicar de cara á elaboración do seguinte plan de igualdade.

4. ESTRUCTURA DO IV PLAN: ACTUACIÓNS POR ÁREAS

Antes de proceder á análise dos datos de avaliación do plan, cómpre describir o brevemente o IV Plan de igualdade do Concello de Negreira.

Este plan está conformado por seis áreas estratéxicas, seis obxectivos estratéxicos, 12 obxectivos operativos e 98 medidas, tal e como se recolle na seguinte táboa.

C. 1 ÁREAS ESTRATÉXICAS, NÚMERO DE OBXECTIVOS OPERATIVOS E NÚMERO DE MEDIDAS DO IV PLAN DE IGUALDADE

ÁREA ESTRATÉXICAS	Nº OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nº DE MEDIDAS
ÁREA 1: PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE	2	15
ÁREA 2: . PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES	2	15
ÁREA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE	2	18
ÁREA 4. PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE	2	19
ÁREA 5: PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA	2	17
ÁREA 6: PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO	2	14
TOTAL	12	98

Fonte: Elaboración propia a partir da información recollida no IV Plan.

No seguinte gráfico recóllese a distribución porcentual das medidas do IV plan por área estratéxica.

G.1 DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS ACTUACIÓNS DO PLAN POR ÁREA ESTRATÉGICA



Fonte: Elaboración propia a partir da información recollida no IV Plan.

Constátase que a área cun maior número de medidas é a “Área estratéxica 4: Para avanzar no empoderamento e a participación social en igualdade”, cun 19,4% sobre o total; séguelle a “Área estratéxica 3: Para un desenvolvemento económico comprometido coa igualdade e a conciliación corresponsable”, que representa o 18,4%. Moi de cerca, cun 17,3% das medidas, a “Área estratéxica 5: Para a mellora da calidade de vida.

Pola súa banda, a “Área estratéxica 1: Para unha práctica institucional en favor da igualdade” e a “Área estratéxica 2: Para a transformación dos modelos e valores” contan coa mesma porcentaxe de medidas: 15,3%.

Por último, a área de intervención con menor número de medidas a executar é a “Área estratéxica 6: Para combater a violencia de xénero”, que representa o 14,3%.

5. RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Neste capítulo recóllense os resultados extraídos da análise realizada a partir dos datos facilitados polo persoal técnico dos distintos departamentos do Concello, que colaboraron na recollida de información.

Tal e como se explica no capítulo de metodoloxía, elaborouse un modelo específico de ficha para esta avaliación, a través de Excell, na que os departamentos municipais puideron recoller de xeito sintético se se executaron ou non as medidas previstas no plan e indicar a anualidade ou anualidades de execución.

Estra ficha cubrírona un total de 15 persoas das 19 ás que se lles solicitou:

- 2 traballadoras, directora e psicóloga, do departamento de Igualdade (CIM).
- 5 traballadoras do departamento de Servizos Sociais, 3 delas cubriron o cuestionario conxuntamente.
- 2 traballadoras do departamento de Emprego, que responden de maneira conxunta.
- 1 traballador e 1 traballadora do departamento de Cultura.
- 1 traballador do departamento de Deportes.
- 1 traballadora do departamento de Educación.
- 1 traballador do departamento de Facenda.
- Director da Escola Municipal de Música.

Os principais resultados estatísticos, relativos á execución/non execución das medidas do plan, recóllense en distintas táboas e gráficos ao longo deste capítulo.


5.1 RESULTADOS POR ÁREAS ESTRATÉXICAS

ÁREA ESTRATÉXICA 1. PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE

A incorporación do enfoque de xénero de forma transversal en todas as accións levadas a cabo polos diferentes departamentos do Concello de Negreira resulta ser un dos alicerces do Plan que se está a avaliar.

Este área tivo un desenvolvemento de algo menos da metade das accións previstas: un 46,7 % fronte ao 53,3 % das medidas que non se executaron. Máis concretamente, executáronse 7 medidas dun total de 15.

G.2 GRAO DE EXECUCIÓN DA ÁREA 1: PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

A continuación, recóllense as medidas previstas no IV Plan para cada obxectivo operativo de área nunha táboa resumo, seguida dunha breve descrición das medidas que foron executadas.

OBXECTIVO OPERATIVO 1. 1. INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO EN TODOS OS PROCESOS E PROCEDEMENTOS DE TRABALLO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

Medida 1.1.1 Inclusión nas accións formativas municipais de módulos de igualdade para capacitar o conxunto de persoal na aplicación do principio de igualdade e o enfoque de xénero (incluído o persoal que se incorpora temporalmente a través de programas de emprego).

Medida 1.1.2 Deseño e posta en marcha dunha formación anual en materia de igualdade para os equipos técnicos e políticos para mellorar a incorporación da perspectiva de xénero nos programas e proxectos (informes con impacto de xénero, accións e orzamentos con enfoque de xénero etc.).

Medida 1.1.3 Elaboración dunha diagnose sobre a situación do persoal municipal en materia de igualdade de xénero, con especial atención aos aspectos que inciden na fenda salarial entre mulleres e homes.

Medida 1.1.4 Desagregación por sexo dos sistemas de información e produción estatística de Concello de todas as áreas (bases de datos, formularios, rexistros, memorias, etc.).

Medida 1.1.5 Incorporación de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións dos diferentes departamentos municipais.

Medida 1.1.6 Impulso da presenza equilibrada de mulleres e homes nas comisións, tribunais de selección, oposicións, xurados etc.

Medida 1.1.7 Incorporación da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais.

Medida 1.1.8 Continuidade da colaboración con outras administracións e entidades en materia de acceso a axudas, subvencións e apoio técnico que permitan desenvolver as medidas recollidas no IV Plan de Igualdade.

Medida 1.1.9 Creación dunha Comisión de Igualdade de carácter interdepartamental coa finalidade de impulsar, planificar e executar de xeito coordinado as medidas do IV Plan de Igualdade, así como de facer o seu seguimento e avaliación.

MEDIDAS EXECUTADAS:

1.1.4 Desagregación por sexo dos sistemas de información e produción estatística de Concello de todas as áreas (bases de datos, formularios, rexistros, memorias, etc.).

Esta medida foi levada a cabo polos diferentes departamentos do Concello responsables da súa execución, agás polo de Emprego e polo de Facenda. Algún deles, como o departamento de Igualdade, aplicárona dende o ano 2019 e outros, como o de Cultura, dende o 2021.

1.1.5 Incorporación de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións dos diferentes departamentos municipais.

Os departamentos de Servizos Sociais, Facenda e Deportes incorporaron os criterios establecidos nesta medida desde o primeiro ano de execución do IV Plan.

1.1.6 Impulso da presenza equilibrada de mulleres e homes nas comisións, tribunais de selección, oposicións, xurados etc.

Gran parte dos departamentos municipais (concretamente Emprego, Servizos Sociais, Cultura, Deportes e Facenda) incluiron nos procesos de selección, tribunais, oposicións etc. a presenza equilibrada de mulleres e de homes.

1.1.8 Continuidade da colaboración con outras administracións e entidades en materia de acceso a axudas, subvencións e apoio técnico que permitan desenvolver as medidas recollidas no IV Plan de Igualdade.

O departamento de Igualdade mantivo a colaboración con outras administracións en materia de acceso a axudas, subvencións e apoio técnico, favorecendo así o desenvolvemento das medidas recollidas no plan de igualdade.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.2 AVANZAR NO DESENVOLVEMENTO DUNHA COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL INCLUSIVA E NON SEXISTA

Medida 1.2.1 Publicación e difusión do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira entre o conxunto da cidadanía, persoal técnico e político do Concello e axentes económicos e sociais da vila.

Medida 1.2.2 Incorporación da linguaxe inclusiva en todos os documentos administrativos do Concello.

Medida 1.2.3 Promoción da utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista en todos os contidos difundidos a través da Radio Municipal.

Medida 1.2.4 Reforzamento da difusión a través da Radio Municipal de todas as actuacións do Concello en materia de igualdade entre mulleres e homes.

Medida 1.2.5 Inclusión na web municipal dun espazo permanente e visible para a difusión dos recursos, servizos e novas en materia de igualdade entre mulleres e homes.

Medida 1.2.6 Reforzamento da perspectiva de xénero na comunicación institucional, tanto na imaxe corporativa como nos materiais, utilizando linguaxe, imaxes e contidos non sexistas e inclusivos.

MEDIDAS EXECUTADAS:

1.2.1 Publicación e difusión do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira entre o conxunto da cidadanía, persoal técnico e político do Concello e axentes económicos e sociais da vila.

A publicación e difusión do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira realizouse a través do Centro de Información ás mulleres (CIM).

Repartíronse exemplares do plan entre o persoal municipal e tamén se lles proporcionou a aquelas persoas que acudiron ao CIM para preguntar por este instrumento trala publicación da nova da súa aprobación.

1.2.2 Incorporación da linguaxe inclusiva en todos os documentos administrativos do Concello.

Todos os departamentos, salvo o departamento de Facenda, incorporaron o uso da linguaxe inclusiva nos documentados administrativos xerados durante a vixencia do Plan.

1.2.6 Reforzamento da perspectiva de xénero na comunicación institucional, tanto na imaxe corporativa como nos materiais, utilizando linguaxe, imaxes e contidos non sexistas e inclusivos.

Na comunicación institucional cumpriuse co obxectivo de evitar calquera tipo de sexismo ou discriminación, tanto a nivel de imaxe coma de linguaxe . Así, por exemplo, elaborouse cartelería das actividades durante toda a vixencia do IV Plan na que se constata a ausencia de linguaxe e imaxes sexistas ou discriminatorias.


ÁREA ESTRATÉXICA 2. PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES

Esta segunda área de intervención tivo por obxectivo manter a liña de traballo cara á sensibilización e concienciación do conxunto da poboación sobre a necesaria igualdade de xénero en todos os ámbitos.

Fomentar o reparto equilibrado das tarefas vinculadas aos coidados, para acadar un uso máis equitativo dos tempos por parte das persoas dentro da unidade familiar convivinte, forma parte desta segunda área. Este obxectivo está directamente relacionado cun proxecto coeducativo que afecta aos principais axentes de socialización, como son as familias e o profesorado.

O gráfico que se inclúe a continuación permite observar que este área obtivo un alto grao de execución, xa que se levou a cabo o 80% das medidas; concretamente, 12 dun total de 15.

G.3 GRAO DE EXECUCIÓN DA ÁREA 2. PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E
VALORES



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

A continuación, recóllense as medidas previstas no IV Plan para cada obxectivo operativo de área nunha táboa resumo, seguida dunha breve descrición das medidas que foron executadas.

OBXECTIVO OPERATIVO 2.1 SENSIBILIZAR O CONXUNTO DA CIDADANÍA SOBRE A IGUALDADE E PROMOVER A CORRESPONSABILIDADE PARA UN USO MÁIS EQUITATIVO DOS TEMPOS POR PARTE DE MULLERES E HOMES

Medida 2.1.1 Continuidade do labor de concienciación da cidadanía en torno á igualdade entre mulleres e homes a través de distintas actividades (divulgativas, formativas, reivindicativas etc.), procurando unha maior participación e implicación dos homes da vila.

Medida 2.1.2 Desenvolvemento de campañas divulgativas sobre corresponsabilidade, que poñan en valor as tarefas domésticas e de coidado e que sensibilicen a poboación en relación cos seus beneficios para toda a sociedade.

Medida 2.1.3 Realización de actividades formativas en materia de novas masculinidades, paternidade responsable, corresponsabilidade e conciliación dirixidas a homes e mulleres.

Medida 2.1.4 Realización de campañas de sensibilización e información dirixidas ao empresariado local para a promoción de boas prácticas en materia de racionalización horaria e implantación de medidas para a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Medida 2.1.5 Revisión dos horarios dos servizos municipais e da programación das actividades organizadas desde o Concello para a súa adaptación en clave de harmonización da vida laboral, persoal e familiar da cidadanía.

MEDIDAS EXECUTADAS:

2.1.1 Continuidade do labor de concienciación da cidadanía en torno á igualdade entre mulleres e homes a través de distintas actividades (divulgativas, formativas, reivindicativas etc.), procurando unha maior participación e implicación dos homes da vila.

O departamento de Igualdade continuou co labor de concienciación da cidadanía concentrándose sobre todo nas épocas onde mais demanda existe respecto aos programas de conciliación, tales como nadal, semana santa e vacacións estivais.

Concretamente, a través do Facebook do propio CIM, de forma continuada, publican recomendacións literarias, cartaces reivindicativos, trípticos con información sobre a procura do fomento dunha implicación equitativa entre mulleres e homes nas tarefas de coidados etc.

2.1.2 Desenvolvemento de campañas divulgativas sobre corresponsabilidade, que poñan en valor as tarefas domésticas e de coidado e que sensibilicen a poboación en relación cos seus beneficios para toda a sociedade.

Tal e como xa se recolle na explicación da medida anterior, o departamento de Igualdade puxo en marcha campañas divulgativas sobre corresponsabilidade a través das redes sociais, principalmente coa chegada do verán e das vacacións de nadal, sendo épocas onde ten máis impacto entre a poboación.

2.1.3 Realización de actividades formativas en materia de novas masculinidades, paternidade responsable, corresponsabilidade e conciliación dirixidas a homes e mulleres.

Segundo a información subministrada polo CIM, realizáronse talleres nos centros educativos do municipio nos que se incidiu nestas materias.

Ademais, leváronse a cabo distintas campañas ao longo da vixencia deste Plan a través do Facebook do CIM como a campaña de corresponsabilidade no fogar “Este verán, tes deberes na casa”, impulsada no ano 2021,

Por último, compre destacar que no Punto de igualdade da biblioteca dispoñen de diversa bibliografía sobre novas masculinidades, corresponsabilidade etc.

2.1.5 Revisión dos horarios dos servizos municipais e da programación das actividades organizadas desde o Concello para a súa adaptación en clave de harmonización da vida laboral, persoal e familiar da cidadanía.

Os departamentos de Servizos Sociais, Deportes e a Escola Municipal de Música aplican esta revisión de horarios nas actividades que organizan co fin de facilitar a conciliación das persoas participantes.

OBXECTIVO OPERATIVO 2.2 CONTINUAR POTENCIANDO A COEDUCACIÓN E OS MODELOS DE RELACIÓNS EN IGUALDADE, NOMEADAMENTE ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA (ALUMNADO, PROFESORADO E FAMILIAS)

Medida 2.2.1 Inclusión de contidos de igualdade nas actividades de ocio xuvenil e nos servizos de atención á infancia de carácter municipal (programas de conciliación, campamentos vacacionais, programación de actividades lúdicas etc.).

Medida 2.2.2 Continuidade da colaboración cos centros educativos para o desenvolvemento de accións formativas e de sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas a todas as etapas educativas.

Medida 2.2.3 Desenvolvemento de accións dirixidas ao fomento da corresponsabilidade nas responsabilidades doméstico-familiares dirixidas a todo o alumnado, desde a Educación Primaria ata a Educación Secundaria e o Bacharelato.

Medida 2.2.4 Desenvolvemento de programas en colaboración coas ANPAS dirixidos ás familias en materia de educación en igualdade e corresponsabilidade.

Medida 2.2.5 Realización de accións de información dirixidas ao alumnado de educación secundaria e Bacharelato sobre educación sexual responsable, modelos de afectividade libres de estereotipos sexistas e nos que se aborden as problemáticas asociadas ao uso das TIC e redes sociais (ciberacoso, sexting, etc.).

Medida 2.2.6 Realización de campañas dirixidas ao conxunto da poboación para superar os estereotipos de xénero na elección de xogos e xoguetes.

Medida 2.2.7 Revisión desde unha perspectiva de xénero de todos os materiais educativos do Concello (xogos, xoguetes, libros, vídeos etc.).

Medida 2.2.8 Realización de campañas de sensibilización e formación dirixidas ás familias, adestradores e adestradoras e profesorado para romper cos estereotipos de xénero do deporte e fomentar a diversificación e a continuidade na práctica deportiva por parte de rapazas e rapaces.

Medida 2.2.9 Desenvolvemento de actuacións informativas dirixidas á adolescencia e mocidade que axuden a visibilizar a segregación de xénero no eido deportivo, tanto no terreo das preferencias e expectativas, como na escasa presenza das mulleres nas profesións vinculadas ao sector deportivo (adestramento, arbitraje, equipos directivos etc.).

Medida 2.2.10 Desenvolvemento de actuacións informativas sobre orientación académica e profesional non sexista, para favorecer a diversificación profesional e a erradicación dos estereotipos de xénero na elección de estudos.

MEDIDAS EXECUTADAS:

2.2.1 Inclusión de contidos de igualdade nas actividades de ocio xuvenil e nos servizos de atención á infancia de carácter municipal (programas de conciliación, campamentos vacacionais, programación de actividades lúdicas etc.).

Os departamentos de Cultura e de Deportes ofreceron, a través das actividades de ocio xuvenil e dos servizos dirixidos á infancia, contidos que fomentaban a igualdade entre mulleres e homes.

O departamento de Igualdade incluíu contidos sobre esta materia nas actividades realizadas durante o período de execución do plan, máis concretamente nos campamentos de verán, no nadal e semana santa.

2.2.2 Continuidade da colaboración cos centros educativos para o desenvolvemento de accións formativas e de sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas a todas as etapas educativas.

Educación, departamento responsable de executar esta medida, mantivo a colaboración cos centros educativos en coordinación co departamento de Igualdade.

Concretamente, desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Obradoiros ao redor do 8M e do 25N.
- Participación do persoal do CIM nas datas sinaladas: 25N, 8M e 28X.
- Difusión de cartelería no centro educativo IES Xulián Magariños e no CEIP Plurilingüe O Coto.
- Reparto de material divulgativo no IES Xulián Magariños e no CEIP Plurilingüe O Coto.

2.2.3 Desenvolvemento de accións dirixidas ao fomento da corresponsabilidade nas responsabilidades doméstico-familiares dirixidas a todo o alumnado, desde a Educación Primaria ata a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.

Esta medida levárona a cabo os departamentos de Educación e de Igualdade a través da recomendación de bibliografía aos centros educativos e da posta en marcha de campañas a través do Facebook, tal e como se explicou con anterioridade na medida 2.1.3.

2.2.6 Realización de campañas dirixidas ao conxunto da poboación para superar os estereotipos de xénero na elección de xogos e xoguetes.

O departamento de Igualdade puxo en marcha campañas a través das redes sociais, especialmente durante o nadal. Por exemplo, no ano 2021, o CIM encargouse de dar difusión á campaña impulsada dende a Xunta, coa colaboración das Bolechas, “Xoguetes para a igualdade. Xogamos iguais, os xoguetes non teñen sexo,” dirixida ás familias co obxectivo de sensibilizar sobre o contido sexista e violento de moitos xogos e xoguetes, e visibilizar deste xeito os estereotipos de xénero que marcan a elección dos agasallos de Nadal.

2.2.7 Revisión desde unha perspectiva de xénero de todos os materiais educativos do Concello (xogos, xoguetes, libros, vídeos etc.).

Os departamentos de Educación, de Cultura e a Escola Municipal de Música levaron a cabo esta medida durante os catro anos de vixencia do plan.

2.2.8 Realización de campañas de sensibilización e formación dirixidas ás familias, adestradores e adestradoras e profesorado para romper cos estereotipos de xénero do deporte e fomentar a diversificación e a continuidade na práctica deportiva por parte de rapazas e rapaces.

O departamento de Deportes foi o encargado da realización de campañas e de actividades de formación para dar resposta a esta medida.

Ademais, contaron coa colaboración do equipo do CIM para fomentar a posta en marcha de actividades inclusivas; por exemplo, coidando as imaxes que se

utilizan nos cartaces, incorporando a perspectiva de xénero no deseño das actividades etc.

2.2.9 Desenvolvemento de actuacións informativas dirixidas á adolescencia e mocidade que axuden a visibilizar a segregación de xénero no eido deportivo, tanto no terreo das preferencias e expectativas, como na escasa presenza das mulleres nas profesións vinculadas ao sector deportivos (adestramento, arbitraje, equipos directivos etc.).

O CIM levou a cabo esta medida a través do seu perfil de Facebook coa difusión de información sobre figuras deportivas femininas, os seus logros deportivos, información sobre a presenza de mulleres en deportes tradicionalmente masculinos e á inversa etc.

Outro dos contidos no que se incidiu foi nas publicacións para visibilizar a desigualdade entre mulleres e homes, foi o escaso recoñecemento económico e social do deporte feminino.

2.2.10 Desenvolvemento de actuacións informativas sobre orientación académica e profesional non sexista, para favorecer a diversificación profesional e a erradicación dos estereotipos de xénero na elección de estudos

Os dous departamentos designados para desenvolver esta medida, Educación e Igualdade, executárona de maneira coordinada.


ÁREA 3. PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Esta área contemplaba un total de 18 medidas, das que foron executadas o 72,2%, concretamente 13 medidas.

Estas medidas deseñáronse para dar consecución a dous obxectivos específicos:

- Favorecer a empregabilidade das mulleres mediante o fomento de distintas formas de participación na actividade económica.
- Potenciar o desenvolvemento e a adecuación dos recursos municipais que favorecen a conciliación.

G.4 GRAO DE EXECUCIÓN DA ÁREA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

A continuación, recóllense as medidas previstas no IV Plan para cada obxectivo operativo nunha táboa resumo, seguida dunha breve descrición das medidas que foron executadas.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.1 FAVORECER A EMPREGABILIDADE DAS MULLERES MEDIANTE O FOMENTO DE DISTINTAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE ECONÓMICA

Medida 3.1.1 Mantemento e fortalecemento, no seu caso, dos servizos que se ofrecen a través da Bolsa de emprego municipal, así como as accións en materia de orientación e busca de emprego, co fin de que as mulleres adquiren as estratexias e habilidades necesarias para incorporarse ao mercado de traballo.

Medida 3.1.2 Continuidade dos talleres de emprego, priorizando o acceso ás mulleres en risco de exclusión social para o desenvolvemento de competencias básicas relacionais e laborais que posibiliten a súa entrada na formación ocupacional regrada e/ou no mercado laboral.

Medida 3.1.3 Impulso da participación de mulleres desempregadas en cursos e programas de mellora da empregabilidade relacionados con ocupacións que presentan infrarrepresentación feminina, así como os orientados a novos sectores de emprego.

Medida 3.1.4 Establecemento de cláusulas orientadas ao acceso preferente das mulleres aos programas formativos e de empregabilidade.

Medida 3.1.5 Inclusión de módulos formativos sobre igualdade en todos os programas de formación e mellora da empregabilidade desenvolvidos polo Concello de Negreira.

Medida 3.1.6 Fomento da realización de programas formativos e de emprego dirixidos a mulleresparadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres responsables de familias monoparentais e outros colectivos vulnerables.

Medida 3.1.7 Reforzamento das accións de información e acompañamento a mulleres que buscan establecerse como autónomas e mulleres emprendedoras.

Medida 3.1.8 Organización de actividades participativas e de intercambio de experiencias (foros, encontros, charlas, etc.) para o impulso do emprendemento, o cooperativismo e outras fórmulas da economía social.

Medida 3.1.9 Reforzamento da oferta formativa para o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación adaptadas ás esixencias do mercado laboral, así como ás diferentes necesidades e niveis de coñecemento das mulleres.

Medida 3.1.10 Impulso á implantación de plans de igualdade nas empresas da vila.

Medida 3.1.11 Divulgación entre o empresariado local de información específica en materia de contratación de mulleres, igualdade no emprego e conciliación.

MEDIDAS EXECUTADAS:

3.1.1 Mantemento e fortalecemento, no seu caso, dos servizos que se ofrecen a través da Bolsa de emprego municipal, así como as accións en materia de orientación e busca de emprego, co fin de que as mulleres adquiran as estratexias e habilidades necesarias para incorporarse ao mercado de traballo.

Dende o departamento de Emprego, responsable de executar esta acción, mantivéronse os servizos e medidas que ofrecen ás usuarias novas estratexias e habilidades para incrementar as súas oportunidades de acceso ao mundo laboral.

3.1.2 Continuidade dos talleres de emprego, priorizando o acceso ás mulleres en risco de exclusión social para o desenvolvemento de competencias básicas relacionais e laborais que posibiliten a súa entrada na formación ocupacional regrada e/ou no mercado laboral.

Os talleres de Emprego, levados a cabo a través do departamento competente, seguiron dando prioridade ás mulleres en situación de maior vulnerabilidade, dotándoas de ferramentas tanto laborais como emocionais, para mellorar a súa incorporación ao mercado laboral.

3.1.3 Impulso da participación de mulleres desempregadas en cursos e programas de mellora da empregabilidade relacionados con ocupacións que presentan infrarrepresentación feminina, así como os orientados a novos sectores de emprego.

O departamento de Emprego puxo en marcha cursos e programas orientados aos novos nichos de emprego para mulleres desempregadas e, máis concretamente, nos sectores onde existe unha menor presenza destas.

3.1.4 Establecemento de cláusulas orientadas ao acceso preferente das mulleres aos programas formativos e de empregabilidade.

A responsabilidade desta medida foi do departamento de Emprego, que a aplicou ao longo de toda a vixencia do IV Plan de Igualdade.

3.1.5 Inclusión de módulos formativos sobre igualdade en todos os programas de formación e mellora da empregabilidade desenvolvidos polo Concello de Negreira.

Incluíuse un módulo de igualdade en todos os programas de formación e de mellora da empregabilidade ofertados dende o departamento de Emprego.

3.1.6 Fomento da realización de programas formativos e de emprego dirixidos a mulleres paradas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres responsables de familias monoparentais e outros colectivos vulnerable.

As mulleres en situación de maior vulnerabilidade tiveron a oportunidade de formarse grazas aos programas desenvolvidos desde o departamento de Emprego que tiñan como grupo destinatario este perfil de mulleres.

3.1.7 Reforzamento das accións de información e acompañamento a mulleres que buscan establecerse como autónomas e mulleres emprendedoras.

O departamento de Emprego, en resposta a esta medida, asesorou e acompañou a aquelas mulleres que optaron polo autoemprego o polo emprendemento.

3.1.8 Organización de actividades participativas e de intercambio de experiencias (foros, encontros, charlas etc.) para o impulso do emprendemento, o cooperativismo e outras fórmulas da economía social.

Leváronse a cabo xornadas e encontros, organizados desde o departamento de Emprego, ao longo dos anos de vixencia do IV Plan, que permitiron que mulleres emprendedoras compartiran experiencias e coñecementos.

3.1.9 Reforzamento da oferta formativa para o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación adaptadas ás esixencias do mercado laboral, así como ás diferentes necesidades e niveis de coñecemento das mulleres.

Dende o departamento de Emprego puxéronse en marcha iniciativas para reforzar o manexo das TIC por parte das mulleres, dando resposta así ás novas esixencias do mercado laboral.

**OBXECTIVO OPERATIVO 3.2 POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO E A ADECUACIÓN DOS RECURSOS
MUNICIPAIS QUE FAVORECEN A CONCILIACIÓN**

Medida 3.2.1 Consolidación da oferta de actividades socioeducativas e de ocio en centros educativos durante o curso escolar fóra do horario lectivo, co fin de facilitar a conciliación ás familias.

Medida 3.2.2 Consolidación da oferta de actividades socioeducativas e de tempo libre para nenas e nenos na época estival, e extensión, no seu caso, a outros períodos vacacionais, co fin de facilitar a conciliación.

Medida 3.2.3 Desenvolvemento de actividades de respiro familiar dirixidas ás persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia.

Medida 3.2.4 Creación dun espazo na web municipal con información sobre todos os servizos municipais e outros recursos e normativa en materia de conciliación da vida laboral, persoa e familiar.

Medida 3.2.5 Realización dun estudo sobre as necesidades de conciliación da poboación nicrariense, dirixido á planificación de novas accións neste ámbito.

Medida 3.2.6 Impulso de sistemas de intercambio de servizos e tempo entre a cidadanía (banco de tempo).

Medida 3.2.7 Mantemento da oferta de prazas na Escola Infantil e mellora, no seu caso, dos servizos que ofrece.

MEDIDAS EXECUTADAS:

3.2.1 Consolidación da oferta de actividades socioeducativas e de ocio en centros educativos durante o curso escolar fóra do horario lectivo, co fin de facilitar a conciliación ás familias.

O departamento de Igualdade continuou coa consolidación da oferta de actividades de ocio en centros educativos durante o curso escolar e fóra do horario lectivo: “Programa Concilia” de tardes, para alumnado do IES Xulián Magariños, e “Madrugadores”, no CEIP Plurilingüe O Coto.

3.2.2 Consolidación da oferta de actividades socioeducativas e de tempo libre para nenas e nenos na época estival, e extensión, no seu caso, a outros períodos vacacionais, co fin de facilitar a conciliación.

Para dar resposta ás necesidades das familias do Concello de Negreira, o CIM mantivo as ofertas socieducativas dirixidas á rapazada para facilitar a conciliación.

3.2.3 Desenvolvemento de actividades de respiro familiar dirixidas ás persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia.

Conscientes da situación que atravesan as familias que teñen que facer fronte ao coidado de persoas en situación de dependencia, dende Servizos Sociais puxéronse en marcha actividades de respiro familiar dirixidas ás persoas sobre as que recaen os coidados.

3.2.7 Mantemento da oferta de prazas na Escola Infantil e mellora, no seu caso, dos servizos que ofrece.

A realidade do Concello de Negreira obriga a ter un servizo que dea soporte ás familias con crianzas. Neste sentido, o departamento de Educación mantivo a oferta de prazas na Escola Infantil durante os catro anos de vixencia do plan, buscando, ademais, a mellora nos servizos que ofrece.


ÁREA 4. PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE

Esta cuarta área estratéxica deseñouse para acadar os seguintes obxectivos:

- Promover a participación activa das mulleres nas distintas esferas da vida social, cultural e deportiva, á vez que se potencia o seu apoderamento individual.
- Fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación.
- Poñer en valor o liderado e o talento feminino.

Para a consecución de ditos obxectivos formuláronse un total de 19 medidas, das que se executaron 15, o que implica un grao de execución de área dun 78,9%.

G.5 GRAO DE EXECUCIÓN DA ÁREA 4: PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

A continuación, recóllense as medidas previstas no IV Plan para cada obxectivo operativo nunha táboa resumo, seguida dunha breve descrición das medidas que foron executadas.

OBXECTIVO OPERATIVO 4.1 PROMOVER A PARTICIPACIÓN ACTIVA DAS MULLERES NAS DISTINTAS ESFERAS DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E DEPORTIVA, Á VEZ QUE SE POTENCIA O SEU EMPODERAMENTO INDIVIDUAL

Medida 4.1.1 Impulso da organización de actividades artísticas e culturais con perspectiva dexénero, de maneira que se propicie a presenza de mulleres e homes en actividades nas que cada sexo se atopa infrarrepresentado.

Medida 4.1.2 Impulso da contratación de mulleres artistas na programación cultural do Concello.

Medida 4.1.3 Inclusión de mensaxes igualitarias nos lemas, contidos e imaxes das campañas e eventos de carácter deportivo, contribuíndo a difundir a imaxe de nenas e mulleres na práctica deportiva, en especial nas disciplinas con menor presenza feminina.

Medida 4.1.4 Realización de accións de sensibilización en igualdade de xénero dirixidas ao órganos directivos de clubs deportivos da vila.

Medida 4.1.5 Organización de competicións e actividades deportivas mixtas.

Medida 4.1.6 Continuidade das actividades que propicien o empoderamento individual e a autonomía das mulleres, melloren a súa autoestima e as doten de habilidades sociais.

Medida 4.1.7 Consolidación da oferta de accións formativas para o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente das accións de alfabetización dixital dirixidas ás mulleres maiores do municipio, co obxecto de fomentar a súa participación e reducir a fenda dixital.

MEDIDAS EXECUTADAS:

4.1.1 Impulso da organización de actividades artísticas e culturais con perspectiva de xénero, de maneira que se propicie a presenza de mulleres e homes en actividades nas que cada sexo se atopa infrarrepresentado.

Tanto o departamento de Servizos Sociais como o de Cultura, ambos responsables do desenvolvemento desta medida, impulsaron este tipo de actividades cuxo fin era propiciar e aumentar a presenza do sexo infrarrepresentado.

4.1.2 Impulso da contratación de mulleres artistas na programación cultural do Concello.

Na programación cultural municipal, o departamento de Cultura mantivo o compromiso coa contratación de mulleres artistas. Nos programas dos eventos/actividade a presenza de mulleres foi notable.

Concretamente, levouse a cabo a inclusión de grupos musicais femininos nas actividades de cultura, como por exemplo no festival de música “Wakau Atlantic Fest”.

4.1.3 Inclusión de mensaxes igualitarias nos lemas, contidos e imaxes das campañas e eventos de carácter deportivo, contribuíndo a difundir a imaxe das nenas e mulleres na práctica deportiva, en especial nas disciplinas con menor presenza feminina.

O departamento de Deporte, asesorado polo CIM, integrou a perspectiva de xénero no deseño de carteis, imaxes, contidos etc. difundindo así unha mensaxe positiva en termos de igualdade cara aos nenos e ás nenas.

4.1.4 Realización de accións de sensibilización en igualdade de xénero dirixidas ao órganos directivos de clubs deportivos da vila.

O departamento de Deportes foi o responsable da execución desta medida para sensibilizar aos clubs deportivos do municipio e incidir directamente no persoal que os dirixe.

4.1.5. Organización de competicións e actividades deportivas mixtas.

O departamento de Deportes foi o encargado de organizar este tipo de eventos deportivos, integrando como se ven comentando nas medidas 2.2.8 e 4.1.3 a perspectiva de xénero.

4.1.6 Continuidade das actividades que propicien o empoderamento individual e a autonomía das mulleres, melloren a súa autoestima e as doten de habilidades sociais.

O departamento de Servizos Sociais foi o responsable de dar continuidade ás actividades dirixidas ao apoderamento das mulleres.

Ademais, compre ter en conta que o CIM tamén levou a cabo talleres de autoestima e de competencias tecnolóxicas básicas dirixidos a mulleres, reforzando así o labor da área de Servizos Sociais, como responsable desta medida.

OBXECTIVO OPERATIVO 4.2 PROMOVER A PARTICIPACIÓN EQUILIBRADA DE MULLERES E HOMES NAS DISTINTAS ESTRUTURAS DE PARTICIPACIÓN, FOMENTANDO E POÑENDO EN VALOR O LIDERADO E O TALENTO FEMININO

Medida 4.2.1 Mantemento do apoio ás asociacións de mulleres para mellorar a súa organización e xestión e asesoralas no acceso a axudas públicas para a organización de actividades.

Medida 4.2.2 Fomento do traballo colaborativo e en rede entre as asociacións de mulleres, así como a súa participación en encontros comarcais e de ámbito superior.

Medida 4.2.3 Promoción do asociacionismo entre as mozas para a defensa e promoción dos dereitos das mulleres.

Medida 4.2.4 Impulso á incorporación de mulleres aos órganos directivos nas asociacións de carácter xeral e apoio á creación de vogalías de igualdade.

Medida 4.2.5 Valoración positiva da introdución da perspectiva de xénero nos proxectos que presenten as entidades e asociacións de participación cidadá de Negreira no acceso á concesión de subvencións de ámbito municipal.

Medida 4.2.6 Difusión das actividades das asociacións de mulleres do municipio a través da web municipal para incrementar a participación cidadá.

Medida 4.2.7 Realización de accións formativas para capacitar as mulleres do movemento asociativo na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (xestión dos datos, manexo da administración electrónica, etc.)

Medida 4.2.8 Incorporación da perspectiva de xénero nas rutas turísticas e culturais.

Medida 4.2.9 Incremento anual da bibliografía sobre mulleres, estudos de xénero e literatura escrita por mulleres co obxecto de conformar unha sección feminista na biblioteca municipal.

Medida 4.2.10 Visibilización das achegas das mulleres aos distintos eidos (historia, cultura, arte, ciencias, economía, política...) a través de exposicións, ciclos e xornadas.

Medida 4.2.11 Organización de actividades para a convivencia interxeracional nas que participen mulleres maiores da vila, co fin de poñer en valor as súas contribucións nos distintos eidos (aos oficios, á cultura, á fala, á gastronomía etc.).

Medida 4.2.12 Difusión das contribucións das mulleres de Negreira ao desenvolvemento local en todos os eidos.

MEDIDAS EXECUTADAS:

Medida 4.2.1 Mantemento do apoio ás asociacións de mulleres para mellorar a súa organización e xestión e asesoralas no acceso a axudas públicas para a organización de actividades.

Aínda que no documento do IV Plan se lle asignou esta medida á área de Igualdade, é Emprego o departamento encargado de prestar asesoramento ás asociacións de mulleres para a xestión das axudas públicas.

O CIM, polo súa parte, colabora coas asociacións mediante a difusión das actividades que organizan.

4.2.5 Valoración positiva da introdución da perspectiva de xénero nos proxectos que presenten as entidades e asociacións de participación cidadá de Negreira no acceso á concesión de subvencións de ámbito municipal.

Esta medida, cuxo desenvolvemento corresponde a todos os departamentos, foi incorporada á hora de valorar os proxectos presentados nas subvencións de carácter municipal.

4.2.6 Difusión das actividades das asociacións de mulleres do municipio a través da web municipal para incrementar a participación cidadá.

As actividades levadas a cabo dende as asociacións de mulleres difundíronse a través do *Facebook* do CIM; non obstante, non contaron con difusión a través da páxina web do Concello.

4.2.7 Realización de accións formativas para capacitar as mulleres do movemento asociativo na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (xestión dos datos, manexo da administración electrónica, etc.)

Da entrevista realizada á Directora e á psicóloga do CIM extráese que se puxeron en marcha cursos sobre competencias tecnolóxicas básicas nos que a participación foi maioritariamente feminina.

Esta medida tamén foi executada dende a o departamento de voluntariado.

4.2.8 Incorporación da perspectiva de xénero nas rutas turísticas e culturais.

O departamento de Cultura incorporou a perspectiva de xénero nas rutas culturais que ofertou.

4.2.9 Incremento anual da bibliografía sobre mulleres, estudos de xénero e literatura escrita por mulleres co obxecto de conformar unha sección feminista na biblioteca municipal.

O departamento de Igualdade asesorou e facilitou ao departamento de Cultura información para reforzar a bibliografía sobre mulleres, estudos de xénero e literatura escrita por mulleres na biblioteca municipal.

4.2.10 Visibilización das achegas das mulleres aos distintos eidos (historia, cultura, arte, ciencias, economía, política...) a través de exposicións, ciclos e xornadas.

Segundo a información recadada, esta medida impulsouse tanto dende o departamento de Cultura como dende o de Igualdade, reforzando así o compromiso coa visibilización dos logros femininos ao longo da historia.

4.2.11 Organización de actividades para a convivencia interxeracional nas que participen mulleres maiores da vila, co fin de poñer en valor as súas contribucións nos distintos eidos (aos oficios, á cultura, á fala, á gastronomía etc.)

Durante os catro anos de vixencia do IV Plan, o departamento de Cultura organizou actividades para promover o intercambio de experiencias, valores e coñecementos entre as mulleres maiores da contorna e a xuventude.

4.2.12 Difusión das contribucións das mulleres de Negreira ao desenvolvemento local en todos os eidos.

Cultura e Igualdade responsabilizáronse de dar consecución a esta proposta a través do “Premio 8 de marzo do Concello de Negreira”. Neste caso, o CIM ocupouse directamente de difundir as contribucións das mulleres premiadas a través das súas redes sociais.

Este galardón ten como obxectivo recoñecer o traballo e o papel das mulleres vinculadas con Negreira ao longo da historia.


ÁREA 5. PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Esta área, integrada por un total de 17 medidas, inclúe dous obxectivos relacionados coa calidade de vida:

- Fomentar estilos de vida que contribúan ao benestar físico e psicosocial de todas as mulleres desde unha óptica inclusiva e a través de accións de promoción da saúde e prácticas habituais de autocoidado.
- Impulsar a conformación de espazos sustentables e seguros mediante a incorporación da perspectiva de xénero ás políticas de planificación urbana, infraestruturas e mobilidade.

O grao de execución foi dun 64,7%, o que supón a realización de 11 medidas do total mencionado de 17.

G.6 GRAO DE EXECUCIÓN DA ÁREA 5: PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

A continuación, recóllense as medidas previstas no IV Plan para cada obxectivo operativo nunha táboa resumo, seguida dunha breve descrición das medidas que foron executadas.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.1 FOMENTAR ESTILOS DE VIDA QUE CONTRIBÚAN AO BENESTAR FÍSICO E PSICOSOCIAL DE TODAS AS MULLERES DESDE UNHA ÓPTICA INCLUSIVA E A TRAVÉS DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PRÁCTICAS HABITUAIS DE AUTOCOIDADO

Medida 5.1.1 Continuidade das actividades orientadas a un envellecemento activo e a necesidades específicas das mulleres ao longo do ciclo vital (curso de envellecemento activo, talleres de memoria, ximnasia de mantemento, ximnasia hipopresiva etc.) a través dunha organización descentralizada e diversificada en horarios.

Medida 5.1.2 Realización de accións informativas sobre problemas de saúde frecuentes entre a poboación feminina asociados ás distintas etapas do ciclo vital e outras temáticas de interese.

Medida 5.1.3 Continuidade no fomento da actividade física e a práctica deportiva, nomeadamente entre aqueles sectores de mulleres con menor nivel de participación (mulleres maiores e rapazas que abandonan a práctica deportiva ao remate da ensinanza secundaria).

Medida 5.1.4 Desenvolvemento de campañas de información e sensibilización sobre a influencia dos roles de xénero, nomeadamente o rol da persoa coidadora, sobre a saúde física e psicolóxica das mulleres.

Medida 5.1.5 Realización de accións formativas e de empoderamento dirixidas a mulleres coidadoras.

Medida 5.1.6 Achegamento de actividades de promoción da saúde ás mulleres con discapacidade.

Medida 5.1.7 Difusión e apoio ás actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social do ámbito da saúde: asociacións de persoas con discapacidade, asociacións de familiares o persoas con enfermidades etc.

Medida 5.1.8 Realización de campañas sobre corresponsabilidade na saúde sexual e reprodutiva dirixidas á poboación adolescente.

Medida 5.1.9 Desenvolvemento de campañas de prevención de consumos (alcohol, drogas etc.) con enfoque de xénero dirixidas á poboación adolescente.

Medida 5.1.10 Mantemento e fortalecemento, no seu caso, das accións que facilitan o acceso aos recursos e servizos para as mulleres en situación de risco de exclusión social.

Medida 5.1.11 Reforzamento da coordinación entre departamentos municipais con competencias en igualdade, saúde e benestar, así como con outras institucións e entidades de iniciativa social que actúan neses ámbitos.

MEDIDAS EXECUTADAS:

5.1.1 Continuidade das actividades orientadas a un envellecemento activo e a necesidades específicas das mulleres ao longo do ciclo vital (curso de envellecemento activo, talleres de memoria, ximnasia de mantemento, ximnasia hipopresiva etc.) a través dunha organización descentralizada e diversificada en horarios.

O departamento de Servizos Sociais mantivo estas actividades, tendo un maior impacto e grao de satisfacción as relacionadas co envellecemento, nas que participaron maioritariamente mulleres.

5.1.2 Realización de accións informativas sobre problemas de saúde frecuentes entre a poboación feminina asociados ás distintas etapas do ciclo vital e outras temáticas de interese..

O departamento de Servizos Sociais desenvolveu actividades formativas sobre problemas de saúde que afectan especificamente as mulleres.

5.1.3 Continuidade no fomento da actividade física e a práctica deportiva, nomeadamente entre aqueles sectores de mulleres con menor nivel de participación (mulleres maiores e rapazas que abandonan a práctica deportiva ao remate da ensinanza secundaria).

Durante o proceso de recollida de información, desde o departamento de Servizos Sociais indícase que esta medida, deseñada para aumentar a participación das mulleres nas actividades deportivas, levouse a cabo na última anualidade de execución do IV Plan (ano 2022).

5.1.4 Desenvolvemento de campañas de información e sensibilización sobre a influencia dos roles de xénero, nomeadamente o rol da persoa coidadora, sobre a saúde física e psicolóxica das mulleres.

O departamento de Servizos Sociais e o de Igualdade foron os responsables do desenvolvemento desta medida, poñendo en marcha campañas de difusión nas redes sociais.

No marco do 8M entregouse no 2021 o premio de mulleres do ano ao SAF (Servizo de Axuda no Fogar), motivado polo importante rol que desempeñaron as mulleres coidadores durante toda a pandemia.

5.1.5 Realización de accións formativas e de empoderamento dirixidas a mulleres coidadoras.

Segundo se extrae da información recollida para esta avaliación, o departamento de Servizos Sociais executou esta medida no ano 2022. Estas accións permitiron traballar a autoestima das mulleres asistentes, tendo en conta o seu papel de coidadoras.

5.1.6 Achegamento de actividades de promoción da saúde ás mulleres con discapacidade.

No ano 2022, o departamento de Servizos Sociais desenvolveu esta actividade dirixida a mulleres con discapacidade para promover e coidar a súa saúde.

5.1.7 Difusión e apoio ás actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social do ámbito da saúde: asociacións de persoas con discapacidade, asociacións de familiares ou persoas con enfermidades etc.

O departamento de Servizos Sociais foi o encargado de dar difusión e apoio ás entidades que organizaron accións en materia de saúde nas mulleres con discapacidade, durante a vixencia do plan.

5.1.8 Realización de campañas sobre corresponsabilidade na saúde sexual e reprodutiva dirixidas á poboación adolescente.

No marco do IV Plan, foi o CIM quen coordinou a execución de talleres en materia afectivo-sexual, que tiveron lugar no Instituto de Educación Secundaria Xulián Magariños.

5.1.9 Desenvolvemento de campañas de prevención de consumos (alcohol, drogas etc.) con enfoque de xénero dirixidas á poboación adolescente.

Servizos Sociais puxo en marcha campañas sobre esta temática durante a vixencia do IV Plan, contribuíndo así ao fomento de estilos de vida saudables para o benestar físico e psicosocial desde unha óptica inclusiva.

5.1.10 Mantemento e fortalecemento, no seu caso, das accións que facilitan o acceso aos recursos e servizos para as mulleres en situación de risco de exclusión social.

Desde unha perspectiva de plena inclusión, o departamento de Servizos Sociais continuou co traballo de atención e reforzo das necesidades das mulleres en situación de vulnerabilidade social que viña desenvolvendo con anterioridade ao IV Plan. Neste sentido, mantivéronse e reforzáronse todas as accións destinadas a facilitar o acceso aos recursos e servizos municipais para a mellora do benestar psicosocial das mulleres en situación de exclusión social.

5.1.11 Reforzamento da coordinación entre departamentos municipais con competencias en igualdade, saúde e benestar, así como con outras institucións e entidades de iniciativa social que actúan neses ámbitos.

Esta medida foi sobre todo impulsada desde o departamento de Servizos Sociais.

**OBXECTIVO OPERATIVO 5.2 IMPULSAR A CONFORMACIÓN DE ESPAZOS SUSTENTABLES E SEGUROS
MEDIANTE A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO ÁS POLÍTICAS DE PLANIFICACIÓN
URBANA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

Medida 5.2.1 Incorporación como criterio de valoración nos pregos de contratación de servizos de construción, equipamentos urbanos e intervencións urbanísticas en xeral, que o deseño se realice con perspectiva de xénero.

Medida 5.2.2 Realización dunha diagnose do estado do alumeadado en rúas, espazos públicos, paradas de autobuses e aparcadoiros, para alumear adecuadamente os puntos de escasa visibilidade e mellorar as condicións de seguridade nesas zonas.

Medida 5.2.3 Impulso de melloras na accesibilidade dos espazos públicos e privados de uso colectivo para facilitar a circulación e o acceso das persoas que realizan tarefas de coidado, persoas en situación de dependencia e persoas con mobilidade reducida.

Medida 5.2.4 Realización dunha análise de necesidades en materia de mobilidade e transporte público tomando en consideración os patróns de uso de mulleres e homes.

Medida 5.2.5 Incorporación progresiva de cambiadores de bebés tanto nos aseos de homes como de mulleres nas principais instalacións municipais, así como doutros posibles espazos adaptados ao coidado de menores cando proceda (zona reservada para a lactación etc.).

Medida 5.2.6 Impulso da actualización do rueiro de Negreira para a inclusión de nomes de mulleres senlleiras para os diferentes espazos públicos.

No período de execución do IV Plan non se levou a cabo ningunha das medidas incluídas neste obxectivo operativo.

ÁREA 6. PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO

Este área céntrase en dúas metas fundamentais:

1. Previr e sensibilizar o conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres


2. Reforzar os procedementos de actuación e a coordinación interinstitucional para unha mellor atención das vítimas e das persoas ao seu cargo

Formulouse un total de 14 medidas para dar consecución a ambos obxectivos. A meirande parte de ditas medidas foi responsabilidade exclusiva do departamento de Igualdade, salvo catro delas:

- unha medida deseñada para levar a cabo en todos os departamentos,
- unha medida na que o departamento responsable é emprego,
- e dúas medidas nas que igualdade comparte responsabilidade con outros departamentos: nun caso con educación e noutro con informática.

O grao de execución desta área é elevado, alcanzando un 85,7%, o que supón 12 medidas do total mencionado.

G.7 GRAO DE EXECUCIÓN DA ÁREA 6: PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

A continuación, recóllense as medidas previstas no IV Plan para cada obxectivo operativo nunha táboa resumo, seguida dunha breve descrición das medidas que foron executadas.

OBXECTIVO OPERATIVO 6.1 PREVER E SENSIBILIZAR O CONXUNTO DA SOCIEDADE SOBRE A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Medida 6.1.1 Continuidade na organización de actividades de sensibilización xeral en torno á conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, estendendo as accións de concienciación a calquera tipo de violencia contra as mulleres e impulsando a colaboración con axentes sociais e cidadanía.

Medida 6.1.2 Realización de accións específicas para a identificación e concienciación sobre as distintas formas de violencia social contra as mulleres: agresións sexuais, violencia dixital, violencia LGTBI, prostitución e trata etc.).

Medida 6.1.3 Desenvolvemento de actividades informativas dirixidas a mulleres nas que se aborden estratexias para a identificación do ciclo da violencia de xénero.

Medida 6.1.4 Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero dirixidas á poboación escolar adaptadas ás distintas idades, incidindo nas violencias a través do uso das novas tecnoloxías e a violencia sexual.

Medida 6.1.5 Inclusión na organización de festas e eventos municipais de actuacións coordinadas de prevención das agresións sexuais a través de persoal técnico cualificado e en colaboración con entidades e axentes sociais.

Medida 6.2.1 Consolidación do Centro de Información ás Mulleres como servizo de asesoramento e atención integral ás vítimas de violencia de xénero e reforzamento do seu cadro de persoal para o desenvolvemento de funcións administrativas.

MEDIDAS EXECUTADAS:

6.1.1 Continuidade na organización de actividades de sensibilización xeral en torno á conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, estendendo as accións de concienciación a calquera

tipo de violencia contra as mulleres e impulsando a colaboración con axentes sociais e cidadanía.

Desde o departamento de Igualdade organizáronse diversas actividades para a conmemoración do 25N:

- Andainas.
- Concursos dirixidos ao alumnado do CEIP e IES, de debuxo e TIK TOK, respectivamente.
- Campañas en redes sociais.
- Colaboración e participación en programas de radio Negreira.

6.1.3 Desenvolvemento de actividades informativas dirixidas a mulleres nas que se aborden estratexias para a identificación do ciclo da violencia de xénero.

Desde o CIM elaboráronse e distribuíronse trípticos informativos. Ademais impulsouse a colocación de puntos de información sobre agresións sexuais e dunha a Caravana Morada nos festivais que se levaron a cabo no municipio.

6.1.4 Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero dirixidas á poboación escolar adaptadas ás distintas idades, incidindo nas violencias a través do uso das novas tecnoloxías e a violencia sexual.

A través de diferentes canais e formatos, como Facebook, material impreso, obradoiros e xornadas, seguiuase a traballar na prevención das diferentes violencias, incidindo sobre todo no *sexting*, o acoso e as agresións sexuais en espazos de ocio.

6.1.5 Inclusión na organización de festas e eventos municipais de actuacións coordinadas de prevención das agresións sexuais a través de persoal técnico cualificado e en colaboración con entidades e axentes sociais.

O departamento de Igualdade participou na organización de actuacións coordinadas de prevención das agresións sexuais en festas e eventos municipais, como por exemplo a instalación da Caravana Morada no Wakau Atlantic Fest, na feira municipal e nas festas celebradas no mes de xullo no municipio.

OBXECTIVO OPERATIVO 6.2 REFORZAR OS PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN E A COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL PARA UNHA MELLOR ATENCIÓN DAS VÍTIMAS E DAS PERSOAS AO SEU CARGO

Medida 6.2.2 Continuidade da coordinación e homoxeneización da intervención dos diferentes axentes da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e difusión dos acordos que nela se tomen.

Medida 6.2.3 Mantemento do programa de Teleasistencia Móbil ATENPRO de Cruz Vermella dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Medida 6.2.4 Inclusión da valoración da condición de vítima de violencia de xénero nos baremos de convocatorias de acceso a recursos municipais (educación, conciliación, emprego etc.) .

Medida 6.2.5 Organización de xornadas/encontros de posta en común nos que participen os distintos axentes implicados na atención ás vítimas de violencia (Corpos de Seguridade, persoal responsable da prestación de apoio psicolóxico, xurídico, acompañamento etc.) para a mellora dos procedementos e do itinerario de intervención.

Medida 6.2.6 Continuidade da oferta de accións formativas ás mulleres que sofren violencia para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

Medida 6.2.7 Impulso de medidas dirixidas á mellora das condicións de vida dos e das menores a cargo de mulleres vítimas de violencia.

Medida 6.2.8 Desenvolvemento de actuacións de empoderamento e reparación emocional para as mulleres vítimas de violencia de xénero

Medida 6.2.9 Creación dun espazo na web municipal que inclúa todos os recursos existentes dirixidos ás mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas ao seu cargo.

MEDIDAS EXECUTADAS:

6.2.1 Consolidación do Centro de Información ás Mulleres como servizo de asesoramento e atención integral ás vítimas de violencia de xénero e reforzamento do seu cadro de persoal para o desenvolvemento de funcións administrativas.

A consolidación do CIM como servizo de asesoramento e atención integral vese reflectido no aumento de consultas atendidas, aínda cando non se reforzou o cadro de persoal.

6.2.2 Continuidade da coordinación e homoxeneización da intervención dos diferentes axentes da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e difusión dos acordos que nela se tomen.

Esta medida executouse durante toda a vixencia do plan.

A Mesa local contra a violencia de xénero está constituída por diferentes axentes políticos e sociais. Concretamente pola Alcaldía do Concello de Negreira, a directora do CIM; persoal de Servizos Sociais municipais; representantes da Policía Local e da Garda Civil e representantes do IES Xulián Magariños e do CEIP Plurilingüe o Coto.

As xuntanzas, realizadas cada seis meses, fomentan a coordinación entre as diferentes institucións. Deste modo, pódense artellar estratexias conxuntas en función das necesidades detectadas por cada un dos axentes representados.

6.2.3 Mantemento do programa de Teleasistencia Móbil ATENPRO de Cruz Vermella dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero.

O Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero ofrece ás vítimas unha atención inmediata a través do teléfono móbil en calquera momento.

O persoal do CIM, encargado da execución desta medida, considera que este programa é fundamental para as mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero, pois ofrece un servizo de resposta inmediata 24 horas ao día os 365 días do ano.

6.2.4 Inclusión da valoración da condición de vítima de violencia de xénero nos baremos de convocatorias de acceso a recursos municipais (educación, conciliación, emprego etc.)

Segundo a información recollida durante o proceso de avaliación, esta medida, que afecta a todas as áreas do Concello, figura como executada por todos os departamentos menos polo departamento de Deportes.

6.2.5 Organización de xornadas/encontros de posta en común nos que participen os distintos axentes implicados na atención ás vítimas de violencia (Corpos de Seguridade, persoal responsable da prestación de apoio psicolóxico, xurídico, acompañamento etc.) para a mellora dos procedementos e do itinerario de intervención.

A esta medida dáselle resposta a través da actividade que se desenvolve na Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero do concello de Negreira, constituída no ano 2016.

A Mesa, que se reúne cada seis meses, está composta por todas aquelas institucións e organismos necesarios para o desenvolvemento de accións tendentes á prevención e erradicación da violencia de xénero no municipio:

responsables políticos, Garda Civil, Policía Local, centros educativos, CIM e Servizos Sociais (tal e como se explicou con anterioridade na medida 6.2.2).

O principal obxectivo destes encontros é reforzar á prevención e garantir a seguridade das vítimas de violencia de xénero. Durante as reunións, analízase a situación das vítimas, faise un balance de situación e tómanse decisións sobre a necesidade de aumentar os recursos prestados ás vítimas.

Ademais, tanto os centros educativos como o CIM, aproveitan para poñer en común as actividades realizadas e programadas en materia de sensibilización e prevención da violencia de xénero.

6.2.6 Continuidade da oferta de accións formativas ás mulleres que sofren violencia para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

Executouse a través das distintas ofertas formativas, por exemplo, cursos de informática a nivel básico para mellorar as oportunidades laborais das mulleres vítimas de violencia de xénero. Esta medida levouse a cabo coa colaboración de Fundación Mulleres.

6.2.7 Impulso de medidas dirixidas á mellora das condicións de vida dos e das menores a cargo de mulleres vítimas de violencia.

Aínda que no IV Plan sinalouse o departamento de Igualdade como responsable desta medida, segundo se recolle na información recadada, as accións dirixidas a estas/es menores corresponde á traballadora social (Servizos Sociais); non obstante, existe colaboración entre o CIM e a traballadora social para aqueles casos nos que as familias non poden asumir os custos da participación das e dos menores nas actividades e campamentos.

Nestes casos, emítese un informe que permite que participen de maneira gratuíta.

Dende o CIM destácase a importancia de manter esta colaboración polo beneficio que aporta tanto ás familias, pola axuda económica, como ás e aos menores, xa que lles permite socializar e desfrutar de tempo de ocio.

6.2.8 Desenvolvemento de actuacións de empoderamento e reparación emocional para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2020, dende o CIM leváronse a cabo talleres de autoestima. Conformáronse un total de catro grupos de mulleres, nos que se traballou sobre o autocoñemento e o desenvolvemento persoal.

Ademais, nese mesmo ano, desenvolveuse tamén unha acción formativa de emprendemento feminino. Nesta formación traballáronse contidos tales como as habilidades sociais de aplicación no ámbito profesional, o *coaching* motivacional, o liderado feminino etc.

Desde o CIM destacan a boa acollida de ambas iniciativas que deron lugar á creación de grupos de apoio de carácter informal a través de grupos de Whatsapp para o intercambio de información de interese e de ofertas de traballo entre as mulleres participantes.

5.2 RESUMO ESTATÍSTICO

Unha vez realizado o tratamento estatístico dos datos facilitados para a avaliación do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira para o período 2019-2022, compróbase que, das 98 medidas do plan, chegaron a executarse un total de 70 medidas, o que supón o 71,4% de execución (fronte ao 28,6% de accións que non se levaron a cabo por diferentes motivos).


C.2 ACTUACIÓNS PROGRAMADAS, Nº DE ACTUACIÓNS EXECUTADAS E NON EXECUTADAS E GRAO DE EXECUCIÓN, SEGUNDO A ÁREA DE INTERVENCIÓN

ÁREA DE INTERVENCIÓN	Nº ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	Nº ACTUACIÓNS EXECUTADAS	Nº ACTUACIÓNS NON EXECUTADAS	EXECUCIÓN %	NON EXECUCIÓN %
ÁREA 1: PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE	15	7	8	46,7%	53,3%
ÁREA 2: PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES	15	13	3	80%	20%
ÁREA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE	18	13	5	72,2%	27,8%
ÁREA 4. PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE	19	15	4	78,9%	21,1%
ÁREA 5: PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA	17	11	6	64,71%	35,29%
ÁREA 6 PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO	14	12	2	85,7%	14,3%
TOTAL	98	70	28	71,4%	28,6%

Fonte: Elaboración propia a partir da información recollida no IV Plan e a información subministrada para a avaliación.

Os seguintes gráficos condensan os datos comentados: o grao de execución global do plan e unha comparativa do nivel de execución de cada área estratéxica.

G.8 GRAO DE EXECUCIÓN GLOBAL DO PLAN




Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

Segundo recolle o gráfico 9, as 3 áreas con maior grao de execución foron:

- Área 2: Para a transformación dos modelos de valores, cun 80% das medidas executadas.
- Área 4. Para avanzar no empoderamento e a participación social en igualdade, co 78,9% de medidas levadas a cabo.
- Área 6 : Para combater a violencia de xénero, materializou o 85,7% das accións programadas.

G.9 GRAO DE EXECUCIÓN DAS ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO PLAN



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.


5.3 VALORACIÓN CUALITATIVA DO IV PLAN

Para coñecer o grao de implicación, as opinións e as posibles suxestións do persoal dos diferentes departamentos da Administración local en relación co IV Plan de igualdade, deseñouse un cuestionario ad hoc a través *de Google Forms*.

Este cuestionario serviu para indagar sobre o grao de coñecemento do IV Plan e incluía tamén apartados para recoller información sobre a situación das mulleres, así como calquera suxestión a ter en conta, principalmente pensando na programación do V Plan de igualdade.

Este instrumento enviouse a 19 profesionais que forman parte do cadro de persoal do Concello e recibíronse un total de 16 respostas. De entre as persoas que responderon o 25% foron homes e o 75% mulleres, tal e como se recolle no seguinte gráfico.


G.11 PORCENTAXE DE MULLERES E HOMES QUE RESPONDERON A ENQUISA



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

O gráfico que se presenta a continuación, onde 1 é “moi pouco/nada” e 4 “moito”, en relación co coñecemento do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira 2019-2022, reflicte que a maioría do persoal consultado manifesta ter pouco coñecemento sobre o plan. Só 3 das 16 persoas que responderon ao formulario (18,75%) afirman coñecelo en profundidade, todas elas mulleres.


G.12 COÑECEMENTO DO IV PLAN DE IGUALDADE POR PARTE DO PERSOAL TÉCNICO DO
CONCELLO DE NEGREIRA



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

No seguinte gráfico apréciase que o 56,3% das persoas que responderon a enquisa considera que a información transmitida sobre o IV Plan foi suficiente é so un 6,3% considera que inexistente. O 18,8% valora a información como moi completa e outro 18,8% demanda haber tido máis, por considerala insuficiente.


G.13 VALORACIÓN DA INFORMACIÓN TRANSMITIDA SOBRE A NATUREZA, CONTIDOS E
OBXECTIVOS DESTE IV PLAN (TANTO DURANTE A SÚA ELABORACIÓN COMO NOS ANOS DE
VIXENCIA)



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

Respecto á utilización do plan como referente para o desenvolvemento dalgunha actuación nos departamentos, un 31,3% indicou que si lle resultou útil nese sentido. Concretamente, estase a falar do Servizo municipal de atención pedagóxica, os departamentos de Cultura e Deportes e o Centro de Información ás Mulleres.


G.14 UTILIZACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE, INDEPENDENTEMENTE DO GRAO DE
COÑECEMENTO NO DEPARTAMENTO CORRESPONDENTE



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación

Ao marxe de que tivesen realizado ou non actuacións integradas no IV Plan, no seguinte gráfico móstranse os aspectos relacionados coa igualdade entre mulleres e homes que se tiveron en conta nos diferentes departamentos. Destacan o “Fomento da participación de mulleres nas actividades”, cun 75% de respostas, e a “Utilización dunha linguaxe inclusiva, sen expresións sexistas”, cun 68,8%. Cunha porcentaxe moi inferior e idéntica (37,5%) figura a aplicación de criterios de paridade ou equilibrio por sexos e a recollida de datos desagregados por sexo sobre a participación nas actividades/servizos.

G.15 ASPECTOS RELACIONADOS COA IGUALDADE CONSIDERADOS NOS DIFERENTES
DEPARTAMENTOS (RESPOSTA MÚLTIPLE)




Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

Outra das cuestións indagadas no formulario garda relación coas dificultades para aplicar a perspectiva de xénero nas actuacións/servizos do departamento, Exactlymente a metade das respostas fai referencia ás dificultades para unha implicación permanente. Outras dificultades, todas elas cun 18,8% das respostas, fan referencia a:

- Que non o consideran importante na súa área de traballo.
- Que teñen pouca experiencia na aplicación da perspectiva de xénero nas accións.
- Outras dificultades non especificadas.

Destaca que ningunha das persoas que responde ao formulario contempla que a falta de coñecementos ou de formación en igualdade sexa un obstáculo na incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións levadas a cabo no seu departamento.

G.16 DIFICULTADES PARA INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS ACTUACIÓN NO SEU DEPARTAMENTO



Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada para a avaliación.

Por último, compre ter en conta a **valoración do IV Plan que, tanto a directora como psicóloga do CIM**, compartiron na entrevista realizada no marco desta avaliación:

- Ambas están de acordo coa boa aceptación que tivo o instrumento entre os diferentes departamentos do Concello. Así mesmo, manifestan que moitas medidas do plan xa están asumidas e moi consolidadas entre a poboación.
- Coinciden no positivo que resulta dispor do plan como documento de consulta para guiar as actuacións a desenvolver, pero manifestan a necesidade de contar con máis recursos e tempo para poder levar a cabo as medidas que nel se recollen.

- Asumen que a área na que máis se avanzou é a relativa á violencia de xénero (Área estratéxica 6) por ser a que máis lle afecta directamente ao CIM.
- Manifestan que hai medidas do plan que xa están moi consolidadas e que funcionan moi ben: programas de conciliación, actividades en coordinación cos centros educativos, premios de recoñecemento ás mulleres da contorna... Destacan ademais o investimento realizado para levar cabo estas medidas aínda que son conscientes de que, por exemplo, no caso dos programas de conciliación, é necesario seguir aumentando o orzamento para dar resposta ás necesidades e demandas das familias.

En canto ás medidas que non se executaron, consideran que terían que estar presentes no próximo plan. Neste sentido, explican que, que a non execución estivo motivada pola escaseza de recursos e tempo, pero que seguen a consideralas medidas moi importantes e acaídas para o novo plan.

- Valoran positivamente a colaboración cos centros educativos e a boa acollida que teñen as actividades que se lles propoñen dende o CIM (charlas, talleres, conmemoracións...). No centro de educación secundaria existe un grupo de igualdade moi activo co que colaboran para facilitar a continuidade da súa actividade.
- Manteñen unha estreita colaboración cos departamentos de Emprego, Servizos Sociais e Deportes cos que se coordinan para o desenvolvemento de certas medidas. Por exemplo, coordínanse con Emprego para que os talleres que desenvolven alcance ao maior número de mulleres posible, con Deportes para a integración da perspectiva de xénero nas súas actividades etc.

Aínda con todo, tanto a directora do CIM como a psicóloga coinciden na necesidade de fomentar unha maior coordinación entre todos os departamentos e insisten na necesidade de levar a cabo un seguimento e avaliación anual do plan. Ambas coinciden na necesidade de proporcionar a todo o persoal do Concello formación en igualdade de xénero, o que contribuiría a unha maior implicación no desenvolvemento das actuacións do plan.

- En canto á actividade que se desenvolve directamente dende o CIM poñen de manifesto a necesidade de contar cun espazo propio na web do Concello que lles permita dar difusión ás súas actividades, ampliar o alcance das campañas que levan a cabo e achegar os seus servizos á poboación.

Un dos aspectos positivos que destacan é que as mulleres do concello de Negreira perciben o CIM, non só como un servizo onde acudir en caso de ser vítima de violencia de xénero, senón como un lugar de referencia para a atención psicolóxica, de orientación e de asesoramento.

- Por último, entre os obstáculos detectados para o desenvolvemento do plan destacan o confinamento e a situación vivida durante a pandemia do Covid-19. Durante este período, o desenvolvemento das medidas do plan sufriu un parón importante, imposibilitándose a execución de moitas delas.

Ademais, como xa se comentou con anterioridade demandan máis recursos para o desenvolvemento do plan.

6. CONCLUSIÓN

- Respecto á **execución das medidas do plan**, conséntase un elevado nivel de execución global do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira. Concretamente, acadouse un grao de execución dun 71,4%, o que supón que se levaron á práctica 70 das 98 medidas propostas. Todas as áreas, excepto a “Área 1: Para unha práctica institucional en favor da igualdade”, superan o 50% de grao de execución.
- A loita contra a violencia de xénero (“Área 6: Para combater a violencia de xénero”), especialmente no que atinxe á necesaria sensibilización e concienciación, foi a área con maior grao de execución (un 85,7%). O papel do CIM no desenvolvemento desta área resulta imprescindible.
- O apoio ás mulleres e homes de Negreira para compatibilizar o traballo coas responsabilidades familiares é outro dos principais piares nos que se sustentou a acción municipal, a través da prestación de diversos servizos e programas.
- Evidénciase a necesidade de seguir incorporando de maneira transversal a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da actuación municipal e de mellorar a implicación e coordinación interdepartamental para o desenvolvemento das actuacións do plan de igualdade.
- O CIM sitúase como ente de referencia, asesoramento e coordinación. Un dos aspectos de maior relevancia do proceso de avaliación resultou ser a figura do CIM á hora de asesorar a outros departamentos para executar parte das accións.

Como **barreiras** para o desenvolvemento do plan identifícanse os seguintes aspectos:

- Falta de implicación e de coordinación entre departamentos para a realización de actuacións.
- Falta de formación en igualdade de xénero entre o persoal municipal.
- Pouca experiencia do persoal municipal na incorporación da perspectiva de xénero na actividade que desenvolven.
- Falta de recursos económicos para dedicar á execución das medidas previstas no plan.
- Dificultades para unha implicación permanente do persoal.

7. RECOMENDACIÓNS

A futura planificación local en materia de igualdade entre mulleres e homes deberá ter en conta certos aspectos, de cara á elaboración dun instrumento completo, útil e verdadeiramente transversal ás distintas áreas da acción municipal.

A continuación, expóñense unha serie de recomendacións a ter en conta de na elaboración do V Plan de igualdade do Concello de Negreira.

Respecto ás súas áreas e medidas:

- Manter as mesmas áreas incluídas no IV Plan, así como as medidas non executadas durante o seu período de vixencia, aplicando as adaptacións que resulten necesarias. Esta recomendación procede da información cualitativa recollida durante a entrevista realizada ao persoal do CIM.
- Promover unha área específica sobre saúde feminina ou aumentar as medidas neste ámbito. Na actualidade constátase que a violencia obstétrica, a menopausa, a saúde mental etc. seguen considerándose temas tabús e sobre os que existe moita desinformación.
- Promocionar a existencia de grupos de apoio mutuo entre mulleres en situación de vulnerabilidade para favorecer o seu apoderamento.
- Impulsar medidas para dar maior visibilidade á importante actividade que se desenvolve dende o CIM. Esta actuación aumentaría a visibilidade das novas relacionadas con igualdade, daría maior difusión aos programas e actividades, fomentando así a participación.
- Reforzar en xeral a perspectiva de xénero no conxunto da acción municipal. O deseño e o desenvolvemento das medidas deben incluír o

enfoque de xénero. O novo Plan de igualdade non debe concibirse como un instrumento no que simplemente dar encaixe ás distintas actuacións do Concello nas áreas de corte máis sociais.

A necesaria transversalidade implica que todas as áreas do Concello deben ter en conta no seu labor cotiá e na planificación as diferenzas e os desequilibrios entre mulleres e homes: Urbanismo, Deportes, Facenda etc.

- Diseñar e poñer en marcha accións formativas para a mellora da cualificación do persoal do Concello en materia de igualdade de xénero.

Propostas para o seguimento do V Plan de igualdade:

- Articular mecanismos de coordinación para a execución e o seguimento do V Plan. Por exemplo, constituír unha comisión de seguimento formada por persoal técnico e político co obxectivo de fomentar unha maior coordinación interdepartamental.
- Diseñar e cumprimentar fichas de seguimento cos datos básicos das medidas executadas ao longo do período de vixencia do plan para facilitar tanto o seu seguimento continuado como a súa avaliación.
- Realizar unha revisión anual do plan que servirá para corrixir, reorientar, reformular ou manter, se é o caso, as actuacións desenvolvidas a partir dos resultados obtidos.

Por último, o novo plan que se deseñe debe ter en conta os recursos dispoñibles, humanos e materiais, para o seu desenvolvemento. Así mesmo, as medidas deben ser realizables e adaptadas á capacidade organizativa e á realidade do Concello de Negreira.

ANEXO: LISTAXE DE ACTUACIÓNS SEGUNDO A EXECUCIÓN

ÁREA ESTRATÉXICA 1: PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: avanzar no desenvolvemento dunha práctica institucional comprometida coa igualdade mediante o reforzamento da incorporación do enfoque de xénero á acción municipal e ao conxunto das políticas públicas.		
Obxectivo operativo 1.1 Incorporar a perspectiva de xénero en todos os procesos e procedementos de traballo da Administración municipal	Medida 1.1.1 Inclusión nas accións formativas municipais de módulos de igualdade para capacitar o conxunto de persoal na aplicación do principio de igualdade e o enfoque de xénero (incluído o persoal que se incorpora temporalmente a través de programas de emprego)	NON
	Medida 1.1.2 Deseño e posta en marcha dunha formación anual en materia de igualdade para os equipos técnicos e políticos para mellorar a incorporación da perspectiva de xénero nos programas e proxectos (informes con impacto de xénero, accións e orzamentos con enfoque de xénero etc.).	NON
	Medida 1.1.3 Elaboración dunha diagnose sobre a situación do persoal municipal en materia de igualdade de xénero, con especial atención aos aspectos que inciden na fenda salarial entre mulleres e homes.	NON
	Medida 1.1.4 Desagregación por sexo dos sistemas de información e produción estatística de Concello de todas as áreas (bases de datos, formularios, rexistros, memorias, etc.).	SI
	Medida 1.1.5 Incorporación de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións dos diferentes departamentos municipais.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 1: PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: avanzar no desenvolvemento dunha práctica institucional comprometida coa igualdade mediante o reforzamento da incorporación do enfoque de xénero á acción municipal e ao conxunto das políticas públicas.		
Obxectivo operativo 1.1 Incorporar a perspectiva de xénero en todos os procesos e procedementos de traballo da Administración municipal	Medida 1.1.6 Impulso da presenza equilibrada de mulleres e homes nas comisións, tribunais de selección, oposicións, xurados etc.	SI
	Medida 1.1.7 Incorporación da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais.	NON
	Medida 1.1.8 Continuidade da colaboración con outras administracións e entidades en materia de acceso a axudas, subvencións e apoio técnico que permitan desenvolver as medidas recollidas no IV Plan de Igualdade.	SI
	Medida 1.1.9 Creación dunha Comisión de Igualdade de carácter interdepartamental coa finalidade de impulsar, planificar e executar de xeito coordinado as medidas do IV Plan de Igualdade, así como de facer o seu seguimento e avaliación	NON

ÁREA ESTRATÉXICA 1: PARA UNHA PRÁCTICA INSTITUCIONAL EN FAVOR DA IGUALDADE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: avanzar no desenvolvemento dunha práctica institucional comprometida coa igualdade mediante o reforzamento da incorporación do enfoque de xénero á acción municipal e ao conxunto das políticas públicas.		
Obxectivo operativo 1.2 Avanzar no desenvolvemento dunha comunicación institucional inclusiva e non sexista	Medida 1.2.1 Publicación e difusión do IV Plan de Igualdade do Concello de Negreira entre oconxunto da cidadanía, persoal técnico e político do Concello e axentes económicos e sociais da vila.	SI
	Medida 1.2.2 Incorporación da linguaxe inclusiva en todos os documentos administrativos do Concello.	SI
	Medida 1.2.3 Promoción da utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista en todos os contidos difundidos a través da Radio Municipal	NON
	Medida 1.2.4 Reforzamento da difusión a través da Radio Municipal de todas as actuacións do Concello en materia de igualdade entre mulleres e homes.	NON
	Medida 1.2.5 Inclusión na web municipal dun espazo permanente e visible para a difusión dos recursos, servizos e novas en materia de igualdade entre mulleres e homes.	NON
	Medida 1.2.6 Reforzamento da perspectiva de xénero na comunicación institucional, tanto na imaxe corporativa como nos materiais, utilizando linguaxe, imaxes e contidos non sexistas e inclusivos.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 2: PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: fomentar un cambio de valores e de actitudes na poboación favorables á igualdade, ao tempo que se promove un modelo social corresponsable no que mulleres e homes utilicen os tempos de maneira equitativa.		
Obxectivo operativo 2.1 Sensibilizar o conxunto da cidadanía sobre a igualdade e promover a corresponsabilidade para un uso máis equitativo dos tempos por parte de mulleres e homes	Medida 2.1.1 Continuidade do labor de concienciación da cidadanía en torno á igualdade entre mulleres e homes a través de distintas actividades (divulgativas, formativas, reivindicativas etc.), procurando unha maior participación e implicación dos homes da vila.	SI
	Medida 2.1.2 Desenvolvemento de campañas divulgativas sobre corresponsabilidade, que poñan en valor as tarefas domésticas e de coidado e que sensibilicen a poboación en relación cos seus beneficios para toda a sociedade.	SI
	Medida 2.1.3 Realización de actividades formativas en materia de novas masculinidades, paternidade responsable, corresponsabilidade e conciliación dirixidas a homes e mulleres	SI
	Medida 2.1.4 Realización de campañas de sensibilización e información dirixidas ao empresariado local para a promoción de boas prácticas en materia de racionalización horaria e implantación de medidas para a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.	NON
	Medida 2.1.5 Revisión dos horarios dos servizos municipais e da programación das actividades organizadas desde o Concello para a súa adaptación en clave de harmonización da vida laboral, persoal e familiar da cidadanía	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 2: PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: fomentar un cambio de valores e de actitudes na poboación favorables á igualdade, ao tempo que se promove un modelo social corresponsable no que mulleres e homes utilicen os tempos de maneira equitativa.		
Obxectivo operativo 2.2 Continuarpotenciando a coeducación e os modelos de relacións en igualdade, nomeadamenteentre a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias)	Medida 2.2.1 Inclusión de contidos de igualdade nas actividades de ocio xuvenil e nos servizos de atención á infancia de carácter municipal (programas de conciliación, campamentos vacacionais, programación de actividades lúdicas etc.).	SI
	Medida 2.2.2 Continuidade da colaboración cos centros educativos para o desenvolvemento de accións formativas e de sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas a todas as etapas educativas.	SI
	Medida 2.2.3 Desenvolvemento de accións dirixidas ao fomento da corresponsabilidade nas responsabilidades doméstico-familiares dirixidas a todo o alumnado, desde a Educación Primaria ata a Educación Secundaria e o Bacharelato	SI
	Medida 2.2.4 Desenvolvemento de programas en colaboración coas ANPAS dirixidos ás familias en materia de educación en igualdade e corresponsabilidade.	NON

ÁREA ESTRATÉXICA 2: PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: fomentar un cambio de valores e de actitudes na poboación favorables á igualdade, ao tempo que se promove un modelo social corresponsable no que mulleres e homes utilicen os tempos de maneira equitativa.		
Obxectivo operativo 2.2 Continuarpotenciando a coeducación e os modelos de relacións en igualdade, nomeadamenteentre a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias)	Medida 2.2.5 Realización de accións de información dirixidas ao alumnado de educación secundaria e Bacharelato sobre educación sexual responsable, modelos de afectividade libres deestereotipos sexistas e nos que se aborden as problemáticas asociadas ao uso das TIC e redes sociais (ciberacoso, sexting, etc).	NON
	Medida 2.2.6 Realización de campañas dirixidas ao conxunto da poboación para superar os estereotipos de xénero na elección de xogos e xoguetes.	SI
	Medida 2.2.7 Revisión desde unha perspectiva de xénero de todos os materiais educativos do Concello (xogos, xoguetes, libros, vídeos etc.).	SI
	Medida 2.2.8 Realización de campañas de sensibilización e formación dirixidas ás familias, adestradores e adestradoras e profesorado para romper cos estereotipos de xénero do deporte e fomentar a diversificación e a continuidade na práctica deportiva por parte de rapazas e rapaces.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 2: PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS E VALORES		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: fomentar un cambio de valores e de actitudes na poboación favorables á igualdade, ao tempo que se promove un modelo social corresponsable no que mulleres e homes utilicen os tempos de maneira equitativa.		
Obxectivo operativo 2.2 Continuarpotenciando a coeducación e os modelos de relacións en igualdade, nomeadamenteentre a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias)	Medida 2.2.9 Desenvolvemento de actuacións informativas dirixidas á adolescencia e mocidadeque axuden a visibilizar a segregación de xénero no eido deportivo, tanto no terreo das preferencias e expectativas, como na escasa presenza das mulleres nas profesións vinculadas ao sector deportivos (adestramento, arbitraje, equipos directivos etc.).	SI
	Medida 2.2.10 Desenvolvemento de actuacións informativas sobre orientación académica e profesional non sexista, para favorecer a diversificación profesional e a erradicación dos estereotipos de xénero na elección de estudos.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE		
Obxectivo estratéxico: contribuír ao desenvolvemento económico do municipio facilitando a incorporación e a permanencia das mulleres no ámbito do emprego en condicións de igualdade, á vez que se impulsa un modelo de organización social que facilite a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar		Executada Si ou Non
Obxectivo operativo 3.1 Favorecer a empregabilidade das mulleres mediante o fomento de distintas formas de participación na actividade económica	Medida 3.1.1 Mantemento e fortalecemento, no seu caso, dos servizos que se ofrecen a través da Bolsa de emprego municipal, así como as accións en materia de orientación e busca de emprego, co fin de que as mulleres adquiren as estratexias e habilidades necesarias para incorporarse ao mercado de traballo.	SI
	Medida 3.1.2 Continuidade dos talleres de emprego, priorizando o acceso ás mulleres en risco de exclusión social para o desenvolvemento de competencias básicas relacionais e laborais que posibiliten a súa entrada na formación ocupacional regrada e/ou no mercado laboral.	SI
	Medida 3.1.3 Impulso da participación de mulleres desempregadas en cursos e programas de mellora da empregabilidade relacionados con ocupacións que presentan infrarrepresentación feminina, así como os orientados a novos sectores de emprego.	SI
	Medida 3.1.4 Establecemento de cláusulas orientadas ao acceso preferente das mulleres aos programas formativos e de empregabilidade.	SI
	Medida 3.1.5 Inclusión de módulos formativos sobre igualdade en todos os programas de formación e mellora da empregabilidade desenvolvidos polo Concello de Negreira.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: contribuír ao desenvolvemento económico do municipio facilitando a incorporación e a permanencia das mulleres no ámbito do emprego en condicións de igualdade, á vez que se impulsa un modelo de organización social que facilite a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar		
Obxectivo operativo 3.1 Favorecer a empregabilidade das mulleres mediante o fomento de distintas formas de participación na actividade económica	Medida 3.1.6 Fomento da realización de programas formativos e de emprego dirixidos a mulleres paradas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres responsables de familias monoparentais e outros colectivos vulnerables.	SI
	Medida 3.1.7 Reforzamento das accións de información e acompañamento a mulleres que buscan establecerse como autónomas e mulleres emprendedoras.	SI
	Medida 3.1.8 Organización de actividades participativas e de intercambio de experiencias (foros, encontros, charlas, etc.) para o impulso do emprendemento, o cooperativismo e outras fórmulas da economía social	SI
	Medida 3.1.9 Reforzamento da oferta formativa para o manexo das tecnoloxías da información da comunicación adaptadas ás esixencias do mercado laboral, así como ás diferentes necesidades e niveis de coñecemento das mulleres.	SI
	Medida 3.1.10 Impulso á implantación de plans de igualdade nas empresas da vila.	NON
	Medida 3.1.11 Divulgación entre o empresariado local de información específica en materia de contratación de mulleres, igualdade no emprego e conciliación	NON

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE			Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: contribuír ao desenvolvemento económico do municipio facilitando a incorporación e a permanencia das mulleres no ámbito do emprego en condicións de igualdade, á vez que se impulsa un modelo de organización social que facilite a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar			
Obxectivo operativo 3.2 Potenciar o desenvolvemento e a adecuación dos recursos municipais que favorecen a conciliación	Medida 3.2.1 Consolidación da oferta de actividades socioeducativas e de ocio en centros educativos durante o curso escolar fóra do horario lectivo, co fin de facilitar a conciliación ás familias.	SI	
	Medida 3.2.2 Consolidación da oferta de actividades socioeducativas e de tempo libre para nenas e nenos na época estival, e extensión, no seu caso, a outros períodos vacacionais, co fin de facilitar a conciliación.	SI	
	Medida 3.2.3 Desenvolvemento de actividades de respiro familiar dirixidas ás persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia.	SI	
	Medida 3.2.4 Creación dun espazo na web municipal con información sobre todos os servizos municipais e outros recursos e normativa en materia de conciliación da vida laboral, persoa e familiar.	NON	
	Medida 3.2.5 Realización dun estudo sobre as necesidades de conciliación da poboación nicrariense, dirixido á planificación de novas accións neste ámbito.	NON	

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PARA UN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COMPROMETIDO COA IGUALDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: contribuír ao desenvolvemento económico do municipio facilitando a incorporación e a permanencia das mulleres no ámbito do emprego en condicións de igualdade, á vez que se impulsa un modelo de organización social que facilite a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar		
Obxectivo operativo 3.2 Potenciar o desenvolvemento e a adecuación dos recursos municipais que favorecen a conciliación	Medida 3.2.6 Impulso de sistemas de intercambio de servizos e tempo entre a cidadanía (banco de tempo).	NON
	Medida 3.2.7 Mantemento da oferta de prazas na Escola Infantil e mellora, no seu caso, dos servizos que ofrece.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 4: PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: impulsar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos, ao tempo que se potencia o seu liderado e se visibilizan as súas contribucións		
Obxectivo operativo 4.1 Promover a participación activa das mulleres nas distintas esferas da vida social, cultural e deportiva, á vez que se potencia o seu empoderamento individual	Medida 4.1.1 Impulso da organización de actividades artísticas e culturais con perspectiva de xénero, de maneira que se propicie a presenza de mulleres e homes en actividades nas que cada sexo se atopa infrarrepresentado.	SI
	Medida 4.1.2 Impulso da contratación de mulleres artistas na programación cultural do Concello.	SI
	Medida 4.1.3 Inclusión de mensaxes igualitarias nos lemas, contidos e imaxes das campañas e eventos de carácter deportivo, contribuíndo a difundir a imaxe de nenas e mulleres na práctica deportiva, en especial nas disciplinas con menor presenza feminina.	SI
	Medida 4.1.4 Realización de accións de sensibilización en igualdade de xénero dirixidas ao órganos directivos de clubs deportivos da vila.	SI
	Medida 4.1.5 Organización de competicións e actividades deportivas mixtas.	SI
	Medida 4.1.6 Continuidade das actividades que propicien o empoderamento individual e a autonomía das mulleres, melloren a súa autoestima e as doten de habilidades sociais.	SI
	Medida 4.1.7 Consolidación da oferta de accións formativas para o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente das accións de alfabetización dixital dirixidas ás mulleres maiores do municipio, co obxecto de fomentar a súa participación e reducir a fenda dixital.	NON

ÁREA ESTRATÉXICA 4: PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: impulsar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos, ao tempo que se potencia o seu liderado e se visibilizan as súas contribucións		
Obxectivo operativo 4.2 Promover a participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación, fomentando e poñendo en valor o liderado e o talento feminino	Medida 4.2.1 Mantemento do apoio ás asociacións de mulleres para mellorar a súa organización e xestión e asesoralas no acceso a axudas públicas para a organización de actividades.	NON
	Medida 4.2.2 Fomento do traballo colaborativo e en rede entre as asociacións de mulleres, así como a súa participación en encontros comarcais e de ámbito superior.	NON
	Medida 4.2.3 Promoción do asociacionismo entre as mozas para a defensa e promoción dos dereitos das mulleres.	NON
	Medida 4.2.4 Impulso á incorporación de mulleres aos órganos directivos nas asociacións de carácter xeral e apoio á creación de vogalías de igualdade.	NON
	Medida 4.2.5 Valoración positiva da introdución da perspectiva de xénero nos proxectos que presenten as entidades e asociacións de participación cidadá de Negreira no acceso á concesión de subvencións de ámbito municipal.	SI
	Medida 4.2.6 Difusión das actividades das asociacións de mulleres do municipio a través da web municipal para incrementar a participación cidadá.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 4: PARA AVANZAR NO EMPODERAMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL EN IGUALDADE		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: impulsar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos, ao tempo que se potencia o seu liderado e se visibilizan as súas contribucións		
Obxectivo operativo 4.2 Promover a participación equilibrada de mulleres ehomes nas distintas estruturas de participación, fomentando e poñendo en valor o liderado e o talento feminino	Medida 4.2.7 Realización de accións formativas para capacitar as mulleres do movemento asociativo na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación (xestión dos datos, manexo da administración electrónica, etc.)	SI
	Medida 4.2.8 Incorporación da perspectiva de xénero nas rutas turísticas e culturais.	SI
	Medida 4.2.9 Incremento anual da bibliografía sobre mulleres, estudos de xénero e literatura escrita por mulleres co obxecto de conformar unha sección feminista na biblioteca municipal.	SI
	Medida 4.2.10 Visibilización das achegas das mulleres aos distintos eidos (historia, cultura, arte, ciencias, economía, política...) a través de exposicións, ciclos e xornadas.	SI
	Medida 4.2.11 Organización de actividades para a convivencia interxeracional nas que participen mulleres maiores da vila, co fin de poñer en valor as súas contribucións nos distintos eidos (aos oficios, á cultura, á fala, á gastronomía etc.).	SI
	Medida 4.2.12 Difusión das contribucións das mulleres de Negreira ao desenvolvemento local en todos os eidos.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 5: PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: contribuír ao benestar integral das mulleres considerando a súa diversidade, a través do fomento de estilos de vida saudables e reforzar o enfoque de xénero no urbanismo e na mobilidade, favorecendo a conformación de espazos sustentables que redunde nunha mellor calidade de vida de todas as persoas		
Obxectivo operativo 5.1 Fomentar estilos de vida que contribúan ao benestar físico e psicosocial de todas as mulleres desde unha óptica inclusiva e a través de accións de promoción da saúde e prácticas habituais de autocoidado	Medida 5.1.1 Continuidade das actividades orientadas a un envellecemento activo e a necesidades específicas das mulleres ao longo do ciclo vital (curso de envellecemento activo, talleres de memoria, ximnasia de mantemento, ximnasia hipopresiva etc.) a través dunha organización descentralizada e diversificada en horarios.	SI
	Medida 5.1.2 Realización de accións informativas sobre problemas de saúde frecuentes entre a poboación feminina asociados ás distintas etapas do ciclo vital e outras temáticas de interese.	SI
	Medida 5.1.3 Continuidade no fomento da actividade física e a práctica deportiva, nomeadamente entre aqueles sectores de mulleres con menor nivel de participación (mulleres maiores e rapazas que abandonan a práctica deportiva ao remate da ensinanza secundaria).	SI
	Medida 5.1.4 Desenvolvemento de campañas de información e sensibilización sobre a influencia dos roles de xénero, nomeadamente o rol da persoa coidadora, sobre a saúde física e psicolóxica das mulleres.	SI
	Medida 5.1.5 Realización de accións formativas e de empoderamento dirixidas a mulleres coidadoras.	SI
	Medida 5.1.6 Achegamento de actividades de promoción da saúde ás mulleres con discapacidade.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 5: PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: contribuír ao benestar integral das mulleres considerando a súa diversidade, a través do fomento de estilos de vidasaudables e reforzar o enfoque de xénero no urbanismo e na mobilidade, favorecendo a conformación de espazos sustentables que redunde nunha mellor calidade de vida de todas as persoas		
Obxectivo operativo 5.1 Fomentar estilos de vida que contribúan ao benestar físico e psicosocial de todas as mulleres desde unha óptica inclusiva e a través de accións de promoción da saúde e prácticas habituais de autocoidado	Medida 5.1.7 Difusión e apoio ás actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social do ámbito da saúde: asociacións de persoas con discapacidade, asociacións de familiares ou persoas con enfermidades etc.	SI
	Medida 5.1.8 Realización de campañas sobre corresponsabilidade na saúde sexual e reprodutiva dirixidas á poboación adolescente.	SI
	Medida 5.1.9 Desenvolvemento de campañas de prevención de consumos (alcohol, drogas etc.) con enfoque de xénero dirixidas á poboación adolescente.	SI
	Medida 5.1.10 Mantemento e fortalecemento, no seu caso, das accións que facilitan o acceso aos recursos e servizos para as mulleres en situación de risco de exclusión social.	SI
	Medida 5.1.11 Reforzamento da coordinación entre departamentos municipais con competencias en igualdade, saúde e benestar, así como con outras institucións e entidades de iniciativa social que actúan neses ámbitos	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 5: PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: contribuír ao benestar integral das mulleres considerando a súa diversidade, a través do fomento de estilos de vidasaudables e reforzar o enfoque de xénero no urbanismo e na mobilidade, favorecendo a conformación de espazos sustentables que redunde nunha mellor calidade de vida de todas as persoas		
Obxectivo operativo 5.2Impulsar a conformación de espazossustentables e seguros mediante a incorporación da perspectiva de xénero ás políticas de planificación urbana,infraestruturas e mobilidade	Medida 5.2.1 Incorporación como criterio de valoración nos pregos de contratación de servizosde construción, equipamentos urbanos e intervencións urbanísticas en xeral, que o deseño se realice con perspectiva de xénero.	NON
	Medida 5.2.2 Realización dunha diagnose do estado do alumeadado en rúas, espazos públicos, paradas de autobuses e aparcadoiros, para alumear adecuadamente os puntos de escasa visibilidade e mellorar as condicións de seguridade nesas zonas	NON
	Medida 5.2.3 Impulso de melloras na accesibilidade dos espazos públicos e privados de uso colectivo para facilitar a circulación e o acceso das persoas que realizan tarefas de coidado, persoas en situación de dependencia e persoas con mobilidade reducida.	NON
	Medida 5.2.4 Realización dunha análise de necesidades en materia de mobilidade e transporte público tomando en consideración os patróns de uso de mulleres e homes.	NON
	Medida 5.2.5 Incorporación progresiva de cambiadores de bebés tanto nos aseos de homescomo de mulleres nas principais instalacións municipais, así como doutros posibles espazos adaptados ao coidado de menores cando proceda (zona reservada para a lactación etc.).	NON
	Medida 5.2.6 Impulso da actualización do rueiro de Negreira para a inclusión de nomes demulleres senlleiras para os diferentes espazos públicos (rúas, parques, infraestruturas...).	NON

ÁREA ESTRATÉXICA 6: PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: continuar o labor de sensibilización e concienciación da cidadanía en torno ás distintas formas de violencia contra as mulleres e fortalecer os mecanismos de prevención e atención ás vítimas.		
Obxectivo operativo 6.1 Previr e sensibilizar o conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres	Medida 6.1.1 Continuidade na organización de actividades de sensibilización xeral en torno á conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, estendendoas accións de concienciación a calquera tipo de violencia contra as mulleres e impulsando a colaboración con axentes sociais e cidadanía.	SI
	Medida 6.1.2 Realización de accións específicas para a identificación e concienciación sobre as distintas formas de violencia social contra as mulleres: agresións sexuais, violencia dixital, violencia LGTBI, prostitución e trata etc.).	NON
	Medida 6.1.3 Desenvolvemento de actividades informativas dirixidas a mulleres nas que se aborden estratexias para a identificación do ciclo da violencia de xénero.	SI
	Medida 6.1.4 Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero dirixidas á poboación escolar adaptadas ás distintas idades, incidindo nas violencias a través do uso das novas tecnoloxías e a violencia sexual	SI
	Medida 6.1.5 Inclusión na organización de festas e eventos municipais de actuacións coordinadas de prevención das agresións sexuais a través de persoal técnico cualificado e en colaboración con entidades e axentes sociais.	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 6: PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: continuar o labor de sensibilización e concienciación da cidadanía en torno ás distintas formas de violencia contra as mulleres e fortalecer os mecanismos de prevención e atención ás vítimas.		
Obxectivo operativo 6.2 Reforzar os procedementos de actuación e a coordinación interinstitucional para unha mellor atención das vítimas e das persoas ao seu cargo	Medida 6.2.1 Consolidación do Centro de Información ás Mulleres como servizo de asesoramento e atención integral ás vítimas de violencia de xénero e reforzamento do seu cadro de persoal para o desenvolvemento de funcións administrativas.	SI
	Medida 6.2.2 Continuidade da coordinación e homoxeneización da intervención dos diferentes axentes da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e difusión dos acordos que nela se tomen.	SI
	Medida 6.2.3 Mantemento do programa de Teleasistencia Móbil ATENPRO de Cruz Vermella dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero.	SI
	Medida 6.2.4 Inclusión da valoración da condición de vítima de violencia de xénero nos baremos de convocatorias de acceso a recursos municipais (educación, conciliación, emprego etc.) .	SI
	Medida 6.2.5 Organización de xornadas/encontros de posta en común nos que participen os distintos axentes implicados na atención ás vítimas de violencia (Corpos de Seguridade, persoal responsable da prestación de apoio psicolóxico, xurídico, acompañamento etc.) para a mellora dos procedementos e do itinerario de intervención.	SI
	Medida 6.2.6 Continuidade da oferta de accións formativas ás mulleres que sofren violencia para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral	SI

ÁREA ESTRATÉXICA 6: PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO		Executada Si ou Non
Obxectivo estratéxico: continuar o labor de sensibilización e concienciación da cidadanía en torno ás distintas formas de violencia contra as mulleres e fortalecer os mecanismos de prevención e atención ás vítimas.		
Obxectivo operativo 6.2 Reforzar os procedementos de actuación e a coordinación interinstitucional para unha mellor atención das vítimas e das persoas ao seu cargo	Medida 6.2.7 Impulso de medidas dirixidas á mellora das condicións de vida dos e das menores a cargo de mulleres vítimas de violencia	SI
	Medida 6.2.8 Desenvolvemento de actuacións de empoderamento e reparación emocional para as mulleres vítimas de violencia de xénero	SI
	Medida 6.2.9 Creación dun espazo na web municipal que inclúa todos os recursos existentes dirixidos ás mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas ao seu cargo.	NON